

ACTA NÚM. 3 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE 2013.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinde e oito de febreiro de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Mejjide Rodríguez.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro, Don Albino Vázquez Aldrey.

O R D E D O D Í A:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 31 de xaneiro de 2013.

2. **Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2013.**
3. **Renuncia ao cargo de concelleiro de Don Albino Vázquez Aldrey.**
4. **Toma posesión do cargo de concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Don Luís Meijide Rodríguez.**
5. **Resolución de alegacións, e aprobación definitiva, se procede do Regulamento de venda ambulante.**
6. **Aprobación inicial do plan de emerxencia municipal.**
7. **Rectificación de erro no acordo de aprobación inicial da modificación do cadro de persoal para o ano 2012.**
8. **Concesión de medallas e galóns de méritos do Corpo da Policía Local.**
9. **Corrección de erro en nome de rúa.**
10. **Modificación orzamentaria núm. 2013-SUPLE-8. Suplemento de crédito “xestión e servizo da escola municipal de Salgueiriños”.**
11. **Proposición do grupo municipal do BNG relativa á creación dunha comisión de seguimento do Código de bo goberno.**
12. **Dar conta de diversas resolucións da Alcaldía.**
13. **Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
14. **Rogos e preguntas.**
15. **Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Previa declaración de urxencia, inclúese na orde do día da sesión, por unanimidade o seguinte asunto:

16. **Declaración institucional do Concello de Santiago de Compostela adoptada co gallo da celebración do 8 de marzo, día internacional da muller.**

Cumpríméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2013.

Don Francisco Reyes intervéñ para manifestar que ao principio da segunda das súas intervencións no pleno extraordinario do día 31 de xaneiro de 2013 fixo unha aclaración de por qué dirixira unha pregunta ao señor secretario, sobre se había que respectar o establecido na orde do día de cara as intervencións, e explicou claramente que facía a

pregunta porque habitualmente o señor alcalde tiña tendencia a falar doutras cousas, particularmente da herdanza recibida dos gobernos anteriores, etc., etc., e como iso non aparece no texto da acta, é polo que pide que se incorpore á mesma.

Coa anterior precisión, o Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 31 de xaneiro de 2013 (acta núm. 1/2013).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2013.

D. Bernardino Rama, en relación coa solicitude efectuada na sesión ordinaria de 31 de xaneiro polo concelleiro D. Francisco Reyes de copia da documentación enviada ao Xulgado de Primeira Instancia de Lugo, relativa ás dilixencias previas 972/2011, indica que aínda non se lles remitiu tal copia, malia ter transcorrido 31 días.

Pide o Sr. Alcalde que se faga chegar esa documentación aos grupos municipais.

Don Rubén Cela precisa, con respecto á acta da sesión ordinaria, que o Bloque Nacionalista Galego vaise abster, porque os seus membros non asistiron á sesión.

Xa que logo, o Pleno da Corporación aproba por 20 votos a favor, dos membros dos grupos municipais popular e PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, aprobar a acta da sesión ordinaria celebrada o día 31 de xaneiro de 2013.

3. RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ALBINO VÁZQUEZ ALDREY.

Dou conta do escrito presentado no rexistro xeral do Concello polo concelleiro Don Albino Vázquez Aldrey o pasado día 18 de febreiro, co número de asento 9166, polo que renuncia á súa condición de concelleiro en virtude do que dispón o artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

O escrito é do seguinte teor literal:

“Don Albino Vázquez Aldrey, con DNI 33238070-B, concejal del grupo municipal del Partido Popular (PP), ante usted comparece y con el debido respeto

EXPONE

Que por medio de la presente manifiesta su renuncia al acta de concejal del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, de acuerdo con lo dispuesto en el art. 9.4 del Real Decreto 2568/86, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

Por cuanto antecede

SOLICITA

Que se tome razón de la presente renuncia y se dé cuenta de la misma ante el Pleno de la Corporación en la primera sesión, ordinaria, extraordinaria o extraordinaria urgente, que éste celebre

O Pleno da Corporación queda enterado da renuncia de Don Albino Vázquez Aldrey á súa condición de concelleiro do Excmo. Concello de Santiago de Compostela con data de efectos do 1 de marzo de 2013.

4. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON LUÍS MEIJIDE RODRÍGUEZ.

Consta no expediente da sesión a credencial remitida o pasado día 14 de febreiro pola Xunta Electoral Central do novo concelleiro Don Luís Meijide Rodríguez, que a continuación pasará a xurar ou prometer o cargo e a partir de aí, tomar posesión do mesmo.

Consonte ao establecido na Lei orgánica de Réxime Electoral e en base á credencial remitida polo señor Presidente da Xunta Electoral Central, Don Luís Meijide Rodríguez xura cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Trala comprobación da credencial acreditativa da condición de electo do Sr. Meijide Rodríguez, ao que lle corresponde cubrir a vacante producida pola renuncia de Dona Paula Prado del Río, e previo xuramento de cumprir fielmente a obriga do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e o Estatuto de Autonomía de Galicia, toma posesión do cargo de concelleiro do Concello de Santiago de Compostela Don Luis Meijide Rodríguez.

5. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE DO REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE.

O Pleno da Corporación, en sesión de 29 de novembro de 2012 aprobou inicialmente o regulamento de venda ambulante do Concello de Santiago de Compostela, o que se someteu á información pública mediante anuncio no BOP de A Coruña do 24 de decembro de 2012.

No período de exposición ó público presentáronse as seguintes alegacións:

- * Grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada núm. 4188.
- * D. Jesús Curros Neira, actuando na súa condición de xefe de servizo da oficina da cidade histórica e rehabilitación, con rexistro de entrada núm. 4262.
- * Grupo municipal socialista, con rexistro de entrada núm. 4455.
- * Dona Eva Raña Rosende e outros, con rexistro de entrada núm. 5309.

Fóra do prazo conferido, e con rexistro de entrada núm.7760 e 8496, presentou dúas alegacións D. Francisco Romero Alvite, presidente da asociación galega de ambulantes e autónomos.

As alegacións presentadas foron obxecto do seguinte informe da xefa do servizo de contratación, do día 13 deste mes de febreiro:

“Asunto: Alegacións presentadas ao Regulamento de Venda Ambulante

Antecedentes:

O Pleno da Corporación, na súa xuntanza do pasado 29 de novembro de 2012 acordou a aprobación inicial do Regulamento de Venda Ambulante do Concello de Santiago de Compostela. O texto foi obxecto de exposición pública por prazo de 30 días soltos mediante a inserción de anuncio no BOP e na web do Concello.

Rematado o prazo de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

- Xefe do Servizo da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación. (23/01/2013, nº rex.4262)
- Grupo Municipal BNG de Santiago. (23/01/2013, nº rex.4188)
- Grupo Municipal socialista. (24/01/2013, nº rex. 4455)
- Varios titulares de establecementos de venda de flor. (29/01/2013, nº rex. 5309)
- Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos. (8/02/2013, nº rex. 7760)

En relación co contido destas alegacións **INFÓRMASE:**

Alegación Oficina Cidade Histórica:

A xuízo de quen subscribe procede a estimación da alegación toda vez que ven referida ao ámbito afectado polo Plan Especial da Cidade Histórica e a modificación do artigo 5 do novo texto do Regulamento introducindo un punto 7º do seguinte teor:

“A autorización de postos de venda ambulante no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica requirirá o previo e preceptivo informe favorable da Comisión Asesora da Cidade Histórica. A autorización pode ser denegada por razóns estéticas ou por considerarse que a ubicación pretendida para o posto é inadecuada.”

Alegacións BNG:

Propónse a modificación da redacción do artigo 3, no senso de substituír as expresións “vía pública” y “terreos de dominio público”, pola expresión espazos de uso público, para evitar dúbidas derivadas dunha posible interpretación estrita do termo.

A xuízo de quen subscribe pode aceptarse a modificación proposta toda vez que o espírito do artigo mantense e pode contribuír á claridade da norma.

Artigo 7:

Propónse a supresión da ampliación do número de postos outorgables as persoas xurídicas ao entender que non se ten acreditado que beneficia aos usuarios en xeral.

A incorporación desta ampliación responde a unha antiga demanda dos usuarios de etnia xitana coa que mostra a súa conformidade a asociación ACAPAG a través do seu

representante Xosé Manuel Liste na xuntanza que se mantivo por este motivo, polo que ao non contravir norma ningunha decidiuse a súa incorporación.

A xuízo de quen subscribe non debería estimarse esta alegación.

Artigo 9:

Proponse unha nova formulación do apartado 3 do artigo ao entender que ten dubidosa concordancia co procedemento de concorrencia competitiva establecido na Lei 13/2010 do 17 de decembro, polo que propón distinguir entre autorizacións novas e habituais garantindo para as novas a transparencia e imparcialidade e a publicidade do proceso.

Coa redacción do parágrafo 3º deste artigo preténdese dar resposta a aquelas solicitudes puntuais que se están a producir ao longo do ano, referidas a postos por uno ou dous días con motivo de festividades ou eventos concretos, nas que os solicitantes sinalan o espazo a ocupar cunha antelación de , ao sumo, un día.

Este carácter excepcional recóllese no teor literal do propio artigo e resulta acorde co establecido na Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas no seu artigo 92 .

Non obstante o anterior e posto que esta alegación reitérase en outros colectivos proponse unha nova redacción que intente conxugar o fomento da concorrencia e a celeridade na resposta ao petitionado.

...”Ditas autorizacións poderán solicitarse en calquera momento, se ben sempre cunha antelación mínima de cinco días soltos á data da instalación do posto, polas persoas que cumpran os requisitos para o exercicio da venda ambulante segundo indicado nos parágrafos precedentes. Na súa solicitude sinalarase a ubicación que interesa, datas de ocupación (que non abarcará un período superior a unha semana), espazo a ocupar, dimensións do posto e produtos obxecto de venda. As autorizacións outorgaranse directamente aos solicitantes se ben de existir máis solicitudes que espazo a asignar teranse en conta os seguintes criterios para a adxudicación:

- Experiencia demostrable no exercicio da profesión.
- Disponibilidade de instalacións adecuadas ao tipo de venda a realizar.
- Dificultades para o acceso ao mercado laboral do solicitante.
- Aportación de produtos de venda novedosa ou inexistente na zona de ubicación do posto.
- Non haber incorrido en sanción firme pola infracción da normativa do comercio ambulante.

Nos casos de empate resolverase mediante sorteo entre os solicitantes que cumpran os requisitos previos.”

En canto á necesidade de resolver a solicitude, obviamente se dará cumprimento á normativa en materia de procedemento administrativo en virtude da que a Administración ten a obriga de resolver (artigo 42 Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas) operando o réxime do silencio vencido o prazo de resolución sen haberse producido esta. A efectos informativos indícase pois que o silencio terá carácter desestimatorio.

Con respecto á consulta as asociacións do sector, aínda cando non se trata dunha esixencia legal, é evidente que na creación de novos espazos para a ubicación de novos mercados farase consonte ao indicado no artigo 72.1.a) da Lei 13/2010 de 13 de decembro, que sinteticamente se contempla no artigo 3.4 do novo Regulamento. Nada obsta ao seu contido a realización dunha consulta previa e non vinculante as asociacións do sectores que puideran verse afectados pola ubicación deses novos mercadillos, tal e como xa se está a facer na práctica.

A xuízo de quen subscribe propónse unha estimación parcial das alegacións, nos termos expostos.

Alegación do Grupo municipal socialista:

Venda ambulante en postos desmontables e camións tenda:

O artigo recolle as modalidades de venda establecidas na Lei 13/2010 de 13 de decembro entre as que se atopa a venda en camións tenda. A venda neste tipo de instalación non se fai de xeito itinerante senón mediante o estacionamento do vehículo nun punto fixo autorizado polo que se asimila a posto desmontable.

Con respecto á excepcionalidade das autorizacións as que se refiren os apartados b) e c) do artigo 3.3, o seu réxime queda definido no artigo 9.3 no que xa se recolle o seu carácter de autorización puntual.

Polo exposto a xuízo de quen subscribe non procede a aceptación da alegación.

Horario de funcionamento dos mercados:

Propónse a fixación dun horario determinado, se ben no novo texto non se fixa horario algún coa finalidade de non ser restritivo sobre unha materia que se debe concretar nos correspondentes acordos ou resolucións nas que se outorguen as autorizacións atendendo as circunstancias concorrentes en cada caso.

Si que pode facerse unha previsión deste tipo no artigo 7 que regula as condicións xerais das autorizacións, no senso de que os acordos determinaran o horario de exercicio da actividade.

Ámbito do casco histórico:

A alegación queda resolta coa incorporación do apartado que se propón engadir no artigo 5.

Procedemento de adxudicación das autorizacións:

Afecta ao contido do artigo 9 en relación co 3.3 nos seus parágrafos b) e c) polo que enténdese respostado co indicado na alegación a este artigo do BNG.

Alegación varios titulares de locais de venda de flor:

Ven referida en esencia ao contido do parágrafo 3 do artigo 9 con respecto ao cal se propón xa unha nova redacción en atención as alegación do mesmo teor xa valoradas.

Con respecto á prioridade do comercio de Santiago non pode recollerse como criterio de prioridade por contradicir o principio de economía de mercado, libre y leal competencia y promoción de igualdade de oportunidades.

Alegación Asociación Galega de Ambulantes y Autónomos:

Presentada extemporaneamente. Procede a súa desestimación.”

Intervén en primeiro lugar a concelleira Dona Reyes Leis, e explica que a normativa anterior fora aprobada na sesión plenaria do 28 de setembro de 2006. A aprobación da ordenanza responde á necesidade de adaptarse á nova lexislación, principalmente á lei 1/2010 de ordenación do comercio minorista, ao Real Decreto 199/2010 polo que se regula o exercicio de venda ambulante, á Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia, e ao Real Decreto 1/2007, que aproba o Texto Refundido para a defensa de consumidores e usuarios.

Froito desta modificación da ordenanza anterior, xa obsoleta polos anos, a nova ordenanza pasa a recoller de forma clara, ordenada e sistemática, as distintas modalidades de venda ambulante, periódicas ou ocasionais, os postos desmontables na vía pública ou camións-tenda, esta última actividade prohibida na ordenanza anterior, modalidade agora prevista na lexislación de aplicación, que polo tanto se recolle sen prexuízo de requirirse autorización expresa para o seu exercicio, o cal deberá, por suposto, motivarse.

A actitude do concello nesta liña sempre foi cauta, comedida e tendendo ao limitativo, á eliminación de camións tenda na cidade, pero a nova regulación non debe levar a entender que será unha práctica habitual de agora en diante, senón todo o contrario, pois a vontade municipal non pasa por querer que a cidade se converta nun mercado ambulante.

Outro punto importante da nova regulación ten que ver coa preocupación pola estética e coidado dos postos, xa que se incorpora a previsión de que o Concello poderá establecer as características, deseño e materiais dos postos aos efectos de adaptalos ao entorno da zona na que se ubiquen, sobre todo nun caso de especial relevancia, como é o casco histórico. Tamén se recolle a extensión da venda de produtos alimenticios ao mercado de Salgueiriños, algo moi demandado dende fai moito tempo, e a eliminación de trabas xurídicas, simplificación de procedementos no outorgamento das autorizacións, e utilización de declaracións responsables, onde se declare o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo de posible verificación posterior por parte do Concello, respondendo á directiva europea relativa aos servizos de mercado interior, do ano 2006.

Explica a seguir a concelleira que a clarificación do procedemento administrativo para a obtención da autorización ten tres puntos clave. O primeiro é o establecemento, con carácter xeral, dun procedemento de concorrencia competitiva para a obtención dos postos, e a concesión directa por orde de entrada no rexistro atendendo a supostos excepcionais e debidamente motivados nos casos de postos na vía pública, ou camións tenda.

O segundo punto é que estas excepcións fan referencia a supostos esporádicos, casos que non proliferan no Concello, pois o non establecer excepcións a procedementos de concorrencia competitiva pode ser contraproducente, por ser pouco flexibles coa realidade. A norma adaptada non impide establecer para posibles eventos concretos que poden resultar ser máis problemáticos, é dicir, festas patronais, as festas da Ascensión, ou o propio día de defuntos, un prazo para a obtención de autorizacións, previa aprobación das bases que regulan a concesión, e resolver así a autorización de acordo cun procedemento de concorrencia competitiva. Iso permite, en función da problemática ou non do evento, decidir se abrimos a convocatoria ou se se atribúen as autorizacións excepcionalmente por orde de entrada no rexistro.

O punto número 3 refírese á duración da autorización, de cinco anos prorrogables a dez, permitindo a amortización dos investimentos realizados, ata agora con licenza anual.

Dende o departamento se está a traballar tamén en regular a venda ambulante existente na cidade dende fai moitos anos, como é o caso das medalleiras do Obradoiro, de Xoán XXIII, ou o mercado creado polo anterior goberno “entre lusco e fusco” que segue na fórmula de alegalidade absoluta. A posible regularización destas actividades viría a través da disposición transitoria primeira da ordenanza. Evidentemente -engade a concelleira- non se poderá regularizar a situación daqueles que non cumpran os requisitos legais necesarios para o exercicio da venda ambulante.

A seguir precisa a concelleira a proposta que se somete a consideración do Pleno en relación coas alegacións presentadas no período de exposición ó público, e indica que se estima a alegación presentada por Don Jesús Curros Neira, Xefe de servizo da oficina do casco histórico, e que supón a introdución dun parágrafo 7 no artigo 5, no texto do regulamento, relativo a autorizacións de venda ambulante no casco histórico. Tamén se estiman parcialmente as alegacións presentadas polos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do grupo socialista, e por Dona Eva Raña Rosende e outros, pertencentes ao colectivo de vendedores de flores, e na súa virtude modifícase o texto do artigo 3.3, o 3.4, o 7.2 e o 9.3 do Regulamento, nos termos indicados no informe emitido pola Xefa de contratación e servizos, e nas suxestións realizadas na Comisión Informativa da Área Social e cultural celebrada o día 21 de febreiro.

Desestímanse, por outra banda, o resto das alegacións presentadas polo grupo municipal do BNG e polo grupo socialista, e as de Dona Eva Raña Rosende e outros pertencentes ao colectivo de vendedores de flores, e por último desestímanse as formuladas pola asociación galega de ambulantes autónomos, por extemporáneas, pois foron presentadas o 8 de febreiro, cando o prazo remataba o 31 de xaneiro.

Intervén a seguir Dona Elvira Cienfuegos, que indica que neste texto definitivo aumentouse a cinco días o prazo mínimo, cousa que non estaba con anterioridade. Valora positivamente que se fixe o prazo mínimo, aínda que discrepa na ausencia de publicidade para o proceso, que lle parece obrigada, vista a lei de comercio, no inicio, no desenvolvemento e no final do proceso, do mesmo xeito que ten que haber transparencia e libre concorrencia. Entende, deste xeito, que o texto do apartado 3 do artigo 9 debería de incluír, cando menos, que o proceso se faga público a través da páxina web do concello.

Por outra parte, faise mención nese mesmo apartado 9.3 a unha serie de criterios para a adxudicación, criterios que ó seu ver son dificilmente avaliábeis con números, e que dificultan bastante a resolución dos procesos sen que realmente se poida garantir que non haxa discrecionalidade na súa adxudicación. Cre a concelleira, por outra parte, e así está contemplado noutra das alegacións, que un sorteo para cuestións puntuais dun día, dous días ou máximo dunha semana, sería suficiente.

Dona Marta Álvarez-Santullano, pola súa banda, explica que o grupo municipal socialista fixo catro alegacións no prazo de exposición ao público, das cales se estiman tres, unha delas referente ao deseño dos postos que se poidan establecer no casco histórico, outra en relación ao horario, outra que non se estima, e por último a que ten que ver coa modificación substancial do artigo 9.3 da ordenanza, pois na súa redacción inicial vulneraba o principio de libre concorrencia competitiva.

Na Comisión informativa elevouse un texto para o seu debate e a súa votación que modificaba en parte o artigo 9.3, pero que a xuízo do grupo municipal socialista non o facía debidamente, pois non entraba no tema do prazo máximo, seguindo así co problema xa detectado con ocasión da aprobación inicial, de que a día 1 de xaneiro alguén puidera pedir un permiso para o día 31 de decembro.

Con posterioridade á Comisión informativa se introducen as dúas alegacións que o grupo municipal socialista fixo na propia comisión informativa previa a este debate plenario, o que determina o voto favorable ao texto.

En relación, ás cuestións que hoxe plantea o Bloque Nacionalista Galego, manifesta a Sra. Santullano que o seu grupo estaría de acordo en que se introducira a referencia a que o proceso se fixera público a través da páxina web, o que axudaría a incrementala transparencia, e no que atinxe ós criterios, presta conformidade co texto proposto e que ven hoxe ao debate plenario. Finalmente, a concelleira agradece expresamente o interese que a xefa do servizo de contratación ten posto nas últimas semanas para que o texto puidera acadar o máximo consenso posible.

Dona Reyes Leis intervén de novo e indica que por suposto que se incluírá na páxina web calquera anuncio relativo á apertura de prazos, e o que se manterá son os criterios por maioría. Adianta que xa está previsto o sorteo no caso de empate, pero non para a totalidade.

De conformidade co informe do departamento de contratación, a proposta da concelleira-delegada de Mercados, do día 25 de febreiro, e o ditame da Comisión Informativa da área social, correspondente á súa reunión do pasado día 21, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade:

a) Estimar a alegación formulada por D. Jesús Curros Neira, e en consecuencia modificar o artigo 5 do texto aprobado inicialmente, incorporando un novo apartado núm. 7, relativo ás autorizacións de venda ambulante no Casco Histórico.

b) Estimar en parte as alegacións formuladas polos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e as presentadas por Dona Eva Raña Rosende e outros, no que atinxe á modificación do texto dos artigos 3.3, 3.4, 7.2 e 9.3 do Regulamento, e rexeitalas no resto do seu contido, de conformidade co indicado no informe transcrito do servizo de contratación.

c) Rexeitar as reclamacións presentadas por D. Francisco Romero Alvite, en nome e representación da Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos, por ter sido presentadas fóra de prazo.

d) Aprobar definitivamente o Regulamento de Venda Ambulante, coas modificacións derivadas da estimación das alegacións presentadas de conformidade co indicado nos anteriores apartados a) e b), de xeito que o texto do Regulamento, que se publicará íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, queda como segue:

REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

- Art. 1.- Obxecto
- Art. 2.- Títulos, competencias e réxime xurídico
- Art. 3.- Concepto e modalidades de venda ambulante
- Art. 4.- Requisitos da actividade de venda ambulante
- Art. 5.- Dos postos e Vehículos de venda ambulante
- Art. 6.- Produtos de venda autorizados

CAPÍTULO II.- DO EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

- Art. 7.- Das autorizacións
- Art. 8.- Solicitude de autorizacións
- Art. 9.- Procedemento de adxudicación de autorizacións
- Art. 10.- Contido da autorización
- Art. 11.- Vixencia e renovación das autorizacións
- Art. 12.- Extinción das autorizacións

CAPÍTULO III.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS AUTORIZADAS

- Art. 13.- Dereitos
- Art. 14.- Obrigas

CAPÍTULO IV.- INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

- Art. 15.- Infraccións. Clasificación
- Art. 16.- Sancións
- Art. 17.- Retirada ou comiso de mercadorías

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento de comercio ambulante de Santiago de Compostela, actualmente vixente, aprobouse na sesión do Pleno da Corporación de data do 28.09.06.

Dende esa data producíronse distintas modificacións normativas tanto a nivel estatal, por transposición ao ordenamento xurídico español de directivas europeas, como autonómico que fan necesaria a modificación deste Regulamento co obxecto de adaptar o seu contido a estas disposicións.

Dentro destas modificacións é importante a que se deriva da aplicación da directiva 2006/12/CE, relativa aos servizos no mercado interior que se encamiña á eliminación de trabas xurídicas e barreiras administrativas ao establecemento e prestación de servizos mediante a supresión de trámites innecesarios e de simplificación do procedemento administrativo no outorgamento das autorizacións.

Neste senso, non obstante, a venda ambulante exceptúase do carácter xeral aplicable ás actividades de servizos de distribución comercial de non esixencia previa de autorización, xa que logo o exercicio desta actividade require do uso de solo público e ten que conciliarse co interese xeral, a orde pública, a seguridade e saúde pública e, por suposto, coa limitación do propio solo público dispoñible que obriga a unha ordenación dos usos concorrentes na vía pública.

A escaseza de solo público dispoñible fai que o número de autorizacións sexa necesariamente limitado, polo que, con carácter xeral o réxime do seu outorgamento ten que axustarse a un procedemento de concorrencia competitiva, sen prexuízo de que se contemple un réxime excepcional de outorgamento directo para autorizacións puntuais e de carácter non habitual.

Tendo en conta o número limitado de autorizacións para a venda ambulante é obrigado que estas tamén teñan unha duración limitada no tempo e que se establece en dez anos, tempo que se considera suficiente para a amortización dos investimentos que puideran acometer os seus titulares para o desenvolvemento da actividade.

Outro dos aspectos a ter en conta é que a venda ambulante constitúe unha actividade de gran arraigo na cultura popular e que nos últimos tempos adquiriu unha importancia crecente no sector da distribución minorista, que esixe a adopción de medidas tendentes a garantir, dunha parte, a realización desta actividade no marco dos principios que inspiran a regulación da actividade comercial e, de outra, o respecto e garantía dos lexítimos dereitos dos consumidores e usuarios e a racionalización da oferta en función da capacidade de consumo da poboación pero sen esquecer o contexto social no que se desenvolve e que xustifica a limitación do número de autorizacións ás persoas físicas e xurídicas, excepción feita, das cooperativas de traballo asociado ás que se lles poden conceder ata quince postos.

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto a regulación administrativa do exercicio da venda ambulante no termo municipal do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2.- Títulos, competencias e réxime xurídico

1.- O presente regulamento dítase en exercicio das competencias que se atribúen ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e a Lei do Comercio Interior de Galicia.

2.- Será de aplicación a esta materia, ademais do contido neste Regulamento, a seguinte normativa:

Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista.

R. D. 199/2010, de 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

Lei 13/2010 do 17 de decembro do Comercio Interior de Galicia.

R.D. 1/2007, de 16 de novembro, Texto Refundido da Lei 26/1984, de 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

Artigo 3.- Concepto e modalidades de venda ambulante

1.- Considérase venda ambulante ou non sedentaria aquela realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuada nos lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables incluíndo os camións tenda.

2.- A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica, sexan sociedades mercantís ou cooperativas, legalmente constituídas que se adiquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e na normativa que lle sexa de aplicación.

3.- As modalidades de venda ambulante permitidas no Concello de Santiago de Compostela son as seguintes:

a) Venda ambulante en mercados periódicos ou ocasionais. É aquela que se realiza mediante unha agrupación de postos en **espazos de uso público**, en lugares e espazos previamente determinados, cunha periodicidade habitual establecida ou de carácter esporádico. Atendendo aos produtos obxecto de venda poden ser xenéricos ou sectoriais.

b) Venda ambulante en postos desmontables instalados en espazos de uso público. É aquela autorizada en espazos determinados da vía pública de xeito habitual ou ocasional.

c) Venda ambulante en camións-tenda. É a autorizada nos citados medios en zonas e lugares previamente determinados, de xeito habitual ou ocasional.

4.- Corresponde á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela decisión sobre a creación de novos mercados, periódicos ou ocasionais, mantemento ou traslado dos existentes, modificación do número de postos, así como, a determinación do número, emprazamento e características dos postos instalados na vía pública de xeito habitual. A creación de novos espazos para a ubicación de novos mercados faráse consonte ao indicado no artigo 72.1a) da Lei 13/2010 de 13 de decembro, así mesmo realizaráse unha consulta previa e non vinculante as asociacións dos sectores que poideran verse afectados pola ubicación deses novos mercadiños.

5.- No acordo de creación de novos mercados ou traslado dos xa existentes deberá determinarse, alomenos os seguintes extremos: ubicación, número e dimensión dos postos, día e horario de celebración, produtos obxecto de comercialización e vixencia das autorizacións.

Artigo 4.- Requisitos da actividade de venda ambulante:

O exercicio de venda ambulante estará suxeito á previa obtención de autorización para cuxa obtención deberá acreditarse o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física maior de idade ou persoa xurídica legalmente constituída.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente de pago nas súas cotizacións.
- c) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente de pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- d) Ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.
- e) Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables aos produtos autorizados que teña á venda.
- f) No caso dos estranxeiros haberán de cumprir as condicións e requisitos esixidos pola regulación vixente en cada momento. No caso de que proceda dun país non comunitario deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo; e se procede de un país comunitario, ha de ter a tarxeta de residencia.
- g) No caso de venda de artigos alimenticios, estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos actualizado.
- h) O titular da autorización para a venda de produtos alimenticios e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.
- i) Estar en posesión da autorización municipal correspondente e satisfacer as taxas e/ou tributos fixados na Ordenanza Fiscal.

Artigo 5.- Dos postos e vehículos de venda ambulante

1.- A venda ambulante realizarase en vehículos ou en postos facilmente desmontables.

2.- As instalacións que se utilicen polo titular de autorización deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as

debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.

3.- Os postos ou vehículos destinados á venda ambulante ubicaranse nos emplacements sinalados ao efecto polo Concello. Non poderán situarse en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais, nin diante dos seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten tales accesos ou a circulación peonil ou rodada.

4.- As instalacións e/ou vehículos adicados á venda de produtos alimenticios cumprirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario.

5.- O Concello poderá establecer as características, deseño e materiais dos postos de venda co obxecto de adaptalos ao entorno da zona na que se ubiquen.

6.- Prohíbese o emprego de anclaxes ou elementos que danen o pavimento ou superficie sobre a que se coloquen os postos.

7.- A autorización de postos de venda ambulante no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica requirirá o previo e preceptivo informe favorable da Comisión Asesora da Cidade Histórica. A autorización pode ser denegada por razóns estéticas ou por considerarse que a ubicación pretendida para o posto é inadecuada.

Artigo 6.- Produtos de venda autorizados

1.- Dependendo da modalidade de venda ambulante e tipo de mercado, poderá autorizarse a venda de artigos téxtil, de artesanía, bisutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, froitas, verduras, plantas, produtos de confeitaría, froitos secos, produtos envasados, produtos alimenticios, así como calquera outros produtos nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica.

2.- Atendendo ás características concorrentes nos diferentes mercados e modalidades de venda ambulante, ao equipamento comercial da zona onde esta actividade se desenvolve, á demanda de consumo da poboación ou calquera outra circunstancia que así o xustifique, o Concello poderá limitar os produtos de venda autorizados ou o número de vendedores adicados á mesma especialidade comercial.

3.- Os titulares de autorización de venda ambulante non poderán vender produtos diferentes aos expresamente autorizados. Calquera modificación ao respecto requirirá aprobación municipal.

CAPÍTULO II.- DO EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

Artigo 7.- Das autorizacións

1.- O exercicio da venda ambulante, en calquera das súas modalidades, no termo municipal de Santiago de Compostela requirirá a previa autorización do Concello.

2.- As autorizacións para o exercicio da venda ambulante concederanse pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela ou órgano en quen delegue, nestas autorizacións especificarase o horario do exercizo da actividade.

3.- O número total de autorizacións será fixado polo Concello en función dos espazos idóneos dispoñibles.

4.- A autorización habilitará para o exercicio da venda ambulante ao seu titular. Non obstante e conforme ao que nela se determine, a autorización habilitará, ademais do seu titular, ó cónxuxe deste, ós seus descendentes directos maiores de 16 anos, ascendentes que convivan con eles, irmáns e ás persoas vinculadas a el mediante contrato laboral.

5.- A autorización municipal será persoal e transmisible nos termos do artigo 72.2 da lei 13/2010 do 17 de decembro, logo da comunicación ao Concello. A transmisión dunha autorización non afectará o seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

6.- Asignarase un posto por persoa, sexa física ou xurídica, se ben no caso das sociedades cooperativas de traballo asociado e sociedades civís, poderase outorgar ata un máximo de quince postos para os cooperativistas ou traballadores que queiran exercer a actividade. O número de autorizacións asignadas ás persoas xurídicas, non poderá exceder do 50% do número total das outorgables para cada zona.

7.- As autorizacións poderán suspenderse temporalmente por mor de obras na vía pública ou nos servizos, tráfico, imposibilidade sobrevida da súa celebración ou outras causas de interese público. Esta suspensión non xenerará dereito a indemnización por danos e prexuízos aos titulares dos postos afectados.

8.- As autorizacións poden ser revogadas de acordo co disposto neste regulamento, sen que isto de dereito aos seus titulares a indemnización ou compensación algunha.

Artigo 8.- Solicitud de autorizacións

1.- A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado no que se fará constar:

a) Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificacións, número do DNI e letra de identificación fiscal e no caso de estranxeiros, o núm. do NIE. Iguais datos faranse constar cando a solicitude se formule por representante autorizado.

b) Modalidade de venda que se pretende exercer e empraçamento solicitado.

c) Mercadorías ou artigos obxecto de venda.

d) No seu caso, tempo polo que se solicita a autorización e dimensións, expresadas en m² e m lineais, do espazo de ocupación que pretende, indicando se a venda se pretende realizar en posto desmontable ou dende vehículo.

2.- Á solicitude deberá achegarse unha declaración responsable na que se fará constar necesariamente os seguintes extremos:

a) Que cumpre tódolos requisitos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que está en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.

c) Que se compromete a manter o seu cumprimento na prazo de vixencia da autorización.

d) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no paga da tarifa ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios. A acreditación deste extremo acreditarase, a opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización ao Concello para que verifique o seu cumprimento.

e) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente de pago nas súas cotizacións.

f) No caso de estranxeiros deberá acreditarse o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorización de residencia e traballo.

g) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto de venda.

Artigo 9.- Procedemento de adxudicación de autorizacións

1.- Atendendo á limitación do número de autorizacións e á temporalidade das mesmas, para a súa concesión articularase un procedemento de concorrencia competitiva conforme ao disposto no artigo 76 da Lei 13/2010 do 17 de decembro.

2.- A convocatoria do procedemento e as bases que a rexerán aprobaranse pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela. A adxudicación farase a favor dos seleccionados que cumpran os requisitos, condicionada á presentación do xustificante de pago da taxa municipal no prazo improrrogable de 15 días.

3.- Non obstante o anterior, o Concello, excepcional e motivadamente, poderá conceder autorizacións con carácter discrecional para as modalidades de venda sinaladas nos apartados “b” e “c” do artigo 3 de xeito ocasional.

Ditas autorizacións poderán solicitarse en calquera momento, se ben sempre cunha antelación mínima de cinco días soltos e máxima dun mes á data da instalación do posto, polas persoas que cumpran os requisitos para o exercicio da venda ambulante segundo indicado nos parágrafos precedentes. Na súa solicitude sinalarase a ubicación que interesa, datas de ocupación (que non abarcará un período superior a unha semana), espazo a ocupar, dimensións do posto e produtos obxecto de venda. As autorizacións outorgaranse directamente aos solicitantes se ben de existir máis solicitudes que espazo a asignar teranse en conta os seguintes criterios para a adxudicación:

- Experiencia demostrable no exercicio da profesión.

- Disponibilidade de instalacións adecuadas ao tipo de venda a realizar.
- Dificultades para o acceso ao mercado laboral do solicitante.
- Aportación de produtos de venda novedosa ou inexistente na zona de ubicación do posto.
- Non haber incorrido en sanción firme pola infracción da normativa do comercio ambulante.

Nos casos de empate resolverase mediante sorteo entre os solicitantes que cumpran os requisitos previos.

De non recibir notificación da resolución expresa neste prazo, entenderase que a solicitude foi desestimada por silencio negativo, segundo se establece no artigo 43 da Lei 30/1992.

Artigo 10.- Contido da autorización

O Concello expedirá aos titulares de autorizacións unha tarxeta identificativa en documento normalizado que será exhibido polo seu titular durante o exercicio da actividade, de xeito que resulte perfectamente visible. Na identificación constarán, alomenos, os seguintes datos:

- Identificación do titular, co nome completo, número do DNI e fotografía.
- Enderezo para a recepción de posibles reclamacións.
- Número de autorización.
- Prazo de vixencia.
- Dimensións do posto.
- Produtos autorizados para a venda.
- Nome completo e número do DNI do suplente, no seu caso.

Artigo 11.- Vixencia e renovación das autorizacións

1.- As autorizacións que habiliten para a venda en mercados periódicos terán unha duración de cinco anos prorrogables de forma expresa por outros cinco anos.

2.- Non obstante, os titulares das autorizacións sinaladas no apartado anterior deberán solicitar anualmente a súa renovación ata completar a duración máxima establecida. O prazo para solicitar a renovación será dende o 15 de xaneiro ata o 15 de febreiro. Aqueles titulares que non soliciten a renovación neste prazo perderán o seu dereito ao exercicio da actividade.

3.- A solicitude de renovación farase en impreso normalizado ao que se achegará o xustificante de pago da taxa municipal e a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 8.2.

4.- A vixencia e renovación das autorizacións que habiliten para a venda en mercados ocasionais, en postos instalados na vía pública ou camións-tenda determinaranse na resolución da súa concesión, atendendo ás características específicas dos produtos de venda, ás circunstancias concretas en que se outorguen, etc., sen que en ningún caso podan superar os prazos establecidos no artigo 11.1 anterior.

Artigo 12.- Extinción das autorizacións.

1.- Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta Ordenanza, as autorizacións extínguense por:

- a) Transcurso do prazo polo que se outorgaron.
- b) No caso das autorizacións renovables, non solicitar a renovación no prazo establecido para o efecto.
- c) Incumprimento do pago das taxas municipais correspondentes, dentro do prazo establecido ao efecto.
- d) Renuncia expresa do titular da autorización.
- e) Perda dalgún dos requisitos establecidos no seu outorgamento.
- f) Non asistir a tres mercados consecutivos ou seis alternos, ao longo da vixencia da autorización, salvo causa xustificada que deberá poñer en coñecemento do Concello, quedando ao criterio do órgano que outorgou a autorización.
- g) Falta de pago das sancións municipais que se impuxesen.
- h) Falecemento ou quebra do titular declarada mediante resolución xudicial firme
- i) Polas causas de revogación contempladas no presente Ordenanza.
- j) Por imposición de sanción administrativa moi grave.
- k) Supresión da modalidade de comercio de que se trate.
- l) Xubilación ou declaración de incapacidade do titular.

2.- Salvo nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente, os expedientes de extinción iniciaranse de oficio ou a instancia de parte, correspondendo a súa resolución á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela ou órgano competente na materia. A instrución do expediente comunicáraselle ao interesado para que presente as alegacións que considere oportunos no prazo de 15 días.

CAPÍTULO III.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS AUTORIZADAS

Artigo 13.- Dereitos

- a) A ocupación dos postos de venda para os que estean autorizados.
- b) Exercer a actividade no horario e condicións establecidos.
- c) Presentar as reclamación e suxestións que consideren oportunas en defensa dos seus dereitos e intereses.

Artigo 14.- Obrigas

- a) Coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección ao consumidor e cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- b) Ter colocada en lugar visible a tarxeta municipal de vendedor autorizado.
- c) Ter colocada en lugar visible para os consumidores a lista de prezos.

- d) Deixar limpo de residuos, desperdicio ou envoltorios o espazo no que exerce a actividade unha vez desmontado o posto.
- e) Conservar as facturas e albarás de entrega da mercadoría posta á venda.
- f) Ter un trato respectuoso coa clientela e cos demais vendedores.
- g) Comunicar ao Concello os cambios de domicilio e calquera outro que afecte á documentación presentada para obter a autorización.

CAPÍTULO IV.- INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 15.- Infraccións. Clasificación

1.- O incumprimento das normas establecidas no presente Regulamento así como das determinadas na normativa reguladora do comercio minorista e da defensa dos consumidores e usuarios, dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador que se axustará ás determinacións do RD 1398/1993, do 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2.1.- Serán faltas leves:

- a) A non retirada do posto dentro do horario establecido.
- b) Non expoñer en lugar visible a tarxeta de autorización municipal.
- c) Non comunicar ó Concello os cambios de domicilio do titular da autorización.
- d) A ocupación do dominio público con módulos ou vehículos cando non estea expresamente autorizado.
- e) Empregar megáfonos ou altofalantes sen autorización.
- f) Calquera outra infracción ó disposto neste Regulamento que non estea cualificada como falta grave ou moi grave.

2.2.- Serán faltas graves:

- a) A alteración da orde pública por discusións.
- b) A falta de ornato e limpeza das instalacións e da súa zona circundante.
- c) Non ter perfectamente visibles os prezos dos artigos postos á venda.
- d) O desacato ou desobediencia ás disposicións, mandatos ou ordes do Concello por medio de calquera dos seus membros, axentes ou funcionarios competentes nesta materia.
- e) As modificacións na estrutura das instalacións ou postos sen autorización ou incumprindo as normas ditadas polo Concello ó respecto.
- f) As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos.
- g) Non acreditar con factura ou albarán xustificativo a correspondente procedencia da mercadoría á venda para a súa posible comprobación e control.
- h) A venda de artigos distintos ós autorizados.

- i) Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos cando a actividade que desenvolva así o requira.
- j) Non instalar o posto no lugar asignado para tal efecto.
- k) Tirar ou deixar no dominio público o lixo ou refugallos da actividade.
- l) A reiteración de calquera falta leve no transcurso dun ano desde a comisión da primeira.

2.3.- Serán faltas moi graves:

- a) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- b) A instalación dos postos sen autorización ou a realización de venda en tránsito a pé sen dispor da autorización municipal.
- c) A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- d) A venda de produtos que vulneren as leis de propiedade intelectual.
- e) O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.
- f) A reiteración de dúas faltas graves dentro do ano.

A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984 do 19 de xullo, Xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

Artigo 16.- Sancións

As sancións que se aplicarán serán as que seguen:

1.- Por faltas leves:

- a) Apercibimento.
- b) Multa de ata 750,00 euros.

2.- Por faltas graves:

- a) Multa de 750,01 ata 1.500,00 euros.
- b) Suspensión temporal da autorización de 15 a 30 días hábiles.

3.- Por faltas moi graves:

- a) Multa de 1.500,01 ata 3.000,00 euros.
- b) Suspensión temporal da autorización de 30 días hábiles a 6 meses.
- c) Revogación da autorización sen dereito a indemnización, ata coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Ademais, no caso de infracción moi grave, poderá impoñerse a sanción de prohibición para o exercicio da actividade en todo o municipio por período de ata 3 anos. Esta sanción aplicarase acumulándoa á contemplada na letra c).

4. Todo vendedor sancionado economicamente non poderá exercer a venda en tanto non aboe a contía da sanción.

5. Correspóndelle ao Sr. Alcalde-Presidente a imposición de multas e demais sancións, agás as moi graves, que serán competencia da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.

Artigo 17.- Retirada ou comiso de mercadorías

No caso de reiterada pretensión dalgún vendedor de exercer a actividade sen a correspondente licenza, poderá serlle retirada a mercadoría sen dereito a indemnización.

Esta medida terá carácter cautelar, e garantirá a efectividade do cobro das sancións que correspondan.

Igualmente, cando se atopen á venda produtos que vulneren a normativa sobre propiedade industrial ou intelectual, poderá procederse ó comiso das mercadorías, procedendo á formalización da denuncia ante a autoridade competente, e á aseguranza da mercadoría como proba da infracción cometida.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1.- Os comerciantes ambulantes que veñen exercendo este tipo de venda no momento de entrada en vigor desta norma, e que reúnan os requisitos nela establecidos, conservarán o sitio no que se veñen instalando, debendo obter a preceptiva autorización municipal no prazo de un mes a contar dende a súa publicación no BOP.

2.- O prazo de vixencia das autorizacións a que fai referencia o artigo 11.1 computarase dende a entrada en vigor deste Regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor unha vez sexa publicado integramente o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, quedando derogado o Regulamento de Venda Ambulante aprobado polo Pleno da Corporación o 28.09.06.

6. APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE EMERXENCIA MUNICIPAL.

O Plan de Emerxencia municipal, elaborado de oficio polo Concello, foi obxecto do seguinte informe da técnico do departamento de tráfico, emitido o día 4 deste mes:

“MARCO XURÍDICO

A Lei 2/1985 de 21 de xaneiro de Protección Civil conceptúa a protección civil coma un servizo público en cuia organización, funcionamento e execución participan as diferentes administracións públicas; así como os cidadáns mediante o cumprimento dos correspondentes deberes e a prestación da súa colaboración voluntaria.

En desenvolvemento das súas competencias en materia de protección civil, as distintas administracións públicas elaborarán os plans de emerxencia. É importante, poñer de manifesto que a norma non se ten limitado a sinalar a necesidade de dispoñer dunha serie de plans capaces de facer fronte os riscos xenéricos, senon que, dacordo co proceso actualmente vixente na CE, establece tamén a elaboración de plans para riscos específicos. Neste senso, a lei contempla a elaboración de dous tipos de plans: os territoriais e os especiais.

Ámbolos dous tipos de plans teñen que axustarse en canto os seus contidos ás determinacións da norma básica, o Real Decreto 470/1992 de 4 de abril que contén as directrices esenciais que deben guiar ámbolos dous modelos de planificación.

Nembargantes, a lei estatal non concreta os ámbitos nos que se exercen as responsabilidades e competencias das diferentes administracións.

Así en canto á competencia da administración municipal no ámbito da protección civil é necesario remitirse á Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local que ó efecto recolle entre competencias municipais no parágrafo segundo apartado c, do artigo 25, que o Municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das CCAA, en materia de protección civil, prevención e extinción de incendios. E pola súa banda, o artigo 26 do meritado texto legal establece que os municipios, por si ou asociados, deberán prestar os servizos que relaciona e, concretamente, aqueles cuia poboación sexa superior a 20.000 habitantes, deberá ademáis prestar o servizo de protección civil.

A norma autonómica a Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia recolle, no seu artigo 10 a distribución de responsabilidades públicas en materia de protección civil atribuíndo á Xunta de Galicia a superior coordinación e dirección da protección civil.

En canto ós municipios, determina a súa responsabilidade na prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións contidas no artigo 331.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Esta actuación municipal estará supervisada ademáis polos órganos de goberno dos entes provinciais a quen compete a responsabilidade de garantir o cumprimento por parte dos municipios dos deberes neste ámbito.

A Lei autonómica recolle os principios xerais inspiradores da actuación de protección civil coma un sistema integrado baseado na coordinación, solidariedade, participación, subsidiariedade, colaboración, responsabilidade pública e privada e lealtade institucional, promovendo a asistencia e socorro mutuos con outras CCAA e no ámbito transfronterizo.

Entre os obxectivos das actuacións das administracións públicas galegas en materia de protección civil e emerxencias se atopa o de planificar a acción pública e privada ante as situacións de risco, previnindo unha estrutura operativa de mandos unificados, os medios necesarios e os protocolos precisos para asegurar a integridade das persoas e bens.

Esta norma autonómica concreta ademais, no seu artigo 27, a respecto das competencias de municipios de máis de 20.000 habitantes, a de elaborar e aprobar o plan de emerxencia municipal, os plans de actuación municipais e, en xeral, calesquera outros instrumentos de planificación de protección civil no ámbito municipal.

En concreto, en canto á planificación, o artigo 31 da norma autonómica recolle os diferentes tipos de plans: territoriais e especiais, dispoñendo a respecto dos mesmos que se redactaran en atención ós supostos previstos na norma básica de autoprotección (RD 407/1992 de 24 de abril).

En canto os primeiros sinala que deberán contemplar con carácter xeral, as emerxencias que poidan producirse no seu respectivo ámbito.

Sobre o contido destes plans nos remitimos o disposto no artigo 32 da Ley 5/2007 de Emerxencias de Galicia, que coincide coas determinacións do artigo 9 da Ley de Protección Civil.

Pois ben, inspirándose nos criterios establecidos por estas normas e respectando as súas determinación, se ten elaborado o Plan de Emerxencias do Concello de Santiago, que responde ó tipo de plan territorial.

O Plan de emerxencias do concello de Santiago é un documento no que, ao longo de un índice, once capítulos e nove anexos faise unha descrición do territorio (xeografía, poboación, vexetación, xeomorfoloxía, industria, vías de comunicación, etc) do concello, analízanse e valóranse os riscos os que a poboación está sometida, recóllese o compendio de medios materiais e humanos dos que o concello pode facer uso no caso de que o risco se materialice, establece os equipos e os procedementos para facer fronte aos distintos riscos e inclúe unha serie de protocolos para que no caso de que o concello non puidese atender á emerxencia cos seus medios asuma o control da mesma outra administración pública.

Este documento inclúe tamén diversa planimetría, a relación de medios e recursos necesarios para facer fronte as diversas situacións de emerxencia que poidan producirse e ademais tres protocolos de actuación fronte a riscos coma o de incendios forestais, inundacións ou accidentes de mercadorías perigosas.

Vinculado ao documento e coa finalidade de darlle operatividade dando resposta a problemas de planificación e xestión hai unha aplicación informática que en torno a un programa GIS pon a dispor do usuario unha grande cantidade de datos (de poboación, xeográficos, urbanísticos, viarios, etc) almacenados en capas e as ferramentas para xestionalos.

Supón tamén a creación de órganos (Xunta Local de Protección Civil, Comité Asesor, Gabinete de Información) ou estruturas (Centro de Coordinación Municipal ou CECOPAL); e inclúe tamén a formación do persoal asesor, colaborador ou aqueles que vaian a participar na resolución de situacións de crises; asemade, a tódolos integrantes nos grupos de acción. A formación non só abrangará o sinalado senon tamén a dos operadores que manexen as ferramentas informáticas e de xestión necesarias para a aplicación do plan.

O PEMU é, por outra banda, un documento “vivo”, xa que precisa unha actualización e unha revisión permanente coa finalidade de adaptalo á realidade social, económica, xeográfica e organizativa do concello, mantendo deste xeito, a súa operatividade.

A activación do Plan de Emerxencia Municipal procederá cando sexa declarada polo Director do Plan (o Alcalde ou persoa na que delegue) no suposto de que se produza algunha das situacións ou contingencias contempladas no documento e supón levar a cabo unha serie de actuacións, das que unhas son automáticas (convocar ao Comité Asesor, aos Xefes dos Grupos de Acción, aos membros do Gabinete de Información, alertar aos Grupos de Acción...) e outras dependen do tipo de urxencia á que se teña que facer fronte (nomear ao Director Técnico da Emerxencia, requirir asesores, alertar ou mobilizar determinados medios ou recursos...).

Unha vez activado o Plan de Emerxencia o Director do Plan xuntarase co Comité Asesor no CECOPAL e xestionara a resolución da emerxencia trasladando ás súas directrices aos xefes dos distintos Grupos de Acción: intervención, sanitario, seguridade, transmisións, loxístico e de rehabilitación; que terán que estar debidamente coordinados dende o posto de mando avanzado polo Director Técnico de Emerxencia.

Unha vez superada a situación de emerxencia o Director ordeará a desactivación do Plan aínda que se manterá a actividade sobre o terreo dalgún dos grupos de acción.

No suposto de que os recursos municipais foran insuficientes para dar resposta axeitada á situación de crise xerada; o aínda no suposto de que, en principio, os recursos se consideraron suficientes e despois se comproba, pola evolución da situación, que non ó son e que polo tanto se precisen recursos alleos ou tamén no suposto de que a emerxencia supere o ámbito territorial no que o concello ten competencia, o propio plan contempla mecanismos nos que se produciría a transferencia do nivel 0 ou nivel local da emerxencia a outro nivel, en distintos grados 1, 2 ou 3, cara ó director da emerxencia designado no Plan de Emerxencia Territorial de Galicia, integrándose o director do plan de emerxencia municipal no órgano asesor contemplado no Plan de Emerxencia Territorial de Galicia, e engadindo os recursos municipais ós que aporte a nova administración actuante.

TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

En canto á tramitación do documento, o artigo 10 da Lei 2/1985 de 21 de xaneiro de protección civil establece, no seu apartado primeiro que:

Os plans municipais se aprobarán polas correspondentes corporacións locais, se integrarán, no seu caso, nos plans supramunicipais, insulares e provincias e deben ser homologados pola Comisión de Protección Civil da Comunidade Autónoma.

A homologación a que estase a referir a norma consistirá na comprobación de que os plans se acomodan en canto a seu contido e criterios á norma básica.

O Plan non poderá ser aplicado ata tanto non se produza a súa homologación, debendo ser efectuada polo órgano competente no prazo de tres meses, a partires da recepción por dito órgano. Transcurrido o devandito prazo sen resolución expresa, entenderase homologado tácitamente.

E importante ter en conta que o Plan de Emerxencia é un documento dinámico suxeito a cambios en función das circunstancias que concurra e, a estes efectos, deberá ser revisado periódicamente.

Neste senso, o artigo 34 da Lei de Emerxencias recolle a obriga da revisión cuatrienal dos plans seguindo o mesmo procedemento que para a súa aprobación e homologación inicial.

Asemade, establece a obriga de realizar periódicamente simulacros que permitirán contrastar a adaptación dos plans ós posibles riscos.

En canto á tramitación do documento, o artigo 33 da Lei de Emerxencias de Galicia establece que os plans territoriais municipais serán aprobados polos plenos dos concellos, previa información pública e informe, no seu caso, da Xunta Local de Protección Civil. Tódolos plans serán homologados pola Comisión Galega de Protección Civil.

Asemade, dispón que todos os plans de emerxencias teñen que se obxecto de publicación nos diarios oficiais pertinentes. As administracións dispoñerán de exemplares dos plans aprobados para a súa consulta pública e promoverán a publicación electrónica dos mesmos.

A norma que determina o procedemento de tramitación destes documentos sinala que o plan será informado, no seu caso, pola Xunta Local de Protección Civil, contemplando dito trámite como potestativo, tendo en conta que no concello non existe constituído dito organismo, non se levará a cabo dito informe.

Tendo en conta que a norma non establece o prazo do trámite de información pública, por aplicación do disposto no artigo 86 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede a apertura dun prazo de 20 días mediante inserción do anuncio no BOP; asemade, asemade para para facilitar a participación cidadán se publicará tamén na páxina web do concello.

Unha vez resoltas polo Pleno as alegacións e aprobado definitivamente o documento será remitido o expediente á Xunta de Galicia para a súa homologación.

PROPOSTA

A vista do exposto, proponse, ó Pleno da Corporación:

A aprobación do Plan de Emerxencia Municipal e a apertura dun periodo de información pública de 20 días que será publicado no BOP. Para facilitar a participación cidadán se publicará tamén na páxina web do concello.

No suposto de que non se formulen alegacións, reclamacións ou suxestións no prazo de información pública o plan entenderase aprobado definitivamente, en caso contrario, procederá resolver as alegacións polo Pleno da Corporación e, de seguido, remitir o plan á Xunta de Galicia para a súa homologación pola Comisión Galega de Protección Civil.

Unha vez que o Plan resulte homologado será publicado no BOP tendo a disposición dos cidadáns exemplares para a súa consulta e a efectos de promover a difusión electrónica do documento tamén se levará a cabo a súa publicación na páxina web.

Ata que se leve a cabo dita publicación o Plan non producirá efectos xurídicos e ademáis deberán ter transcurrido os 15 días previstos no artigo 65 da LBRL, ante unha eventual impugnación por parte da Administración do Estado; exclúese a posibilidade de impugnación por parte da CA xa que, para que se entenda aprobado o documento é necesaria a súa previa homologación.

Para a aprobación deste documento non se considera necesario o informe previo de Secretaria en base o disposto no artigo 89 do Regulamento Orgánico Municipal xa que non se está a tratar dunha disposición de carácter xeral e tampouco de se precisa informe de intervención pois ademais de non atoparnos en ningún dos supostos previstos no artigo 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, que determinarían a necesidade do devandito informe, a aprobación do documento non xenera de por sí consecuencias económicas que o fagan necesario.”

En base ao informe transcrito con anterioridade, a proposta do Sr. Alcalde, do pasado día 18, indica:

“O Concello ten elaborado, en cumprimento das determinacións legais aplicables, o Plan de emerxencias Municipal (PEMU) que é un documento no que, ao longo dun índice, once capítulos e catro anexos faise unha descrición do territorio (xeografía, poboación, vexetación, xeomorfoloxía, industria, vías de comunicación, etc) do concello, analízanse e valóranse os riscos os que a poboación está sometida, recollendo o compendio de medios materiais e humanos dos que o concello pode facer uso no caso de que o risco se materialice, establecendo os equipos e os procedementos para facer fronte aos distintos riscos e incluíndo unha serie de protocolos para que no caso de que o concello non puidese atender á emerxencia cos seus medios asuma o control da mesma outra administración pública.

Este documento inclúe tamén diversa planimetría, a relación de medios e recursos necesarios para facer fronte as diversas situacións de emerxencia que poidan producirse e ademais catro protocolos de actuación fronte a riscos coma o de accidentes de mercadorías perigosas, incendios forestais, incendio urbano de carácter grave ou fortes temporais.

O PEMU é, por outra banda, un documento “vivo”, xa que precisa unha actualización e unha revisión permanente coa finalidade de adaptalo á realidade social, económica, xeográfica e organizativa do concello, mantendo deste xeito, a súa operatividade.

Á vista do informe emitido pola Técnico de Administración Xeral do departamento de Tráfico de data 4 de febreiro de 2.013, e de conformidade coa súa proposta, propónse:

A aprobación do Plan de Emerxencia Municipal e a apertura dun período de información pública de 20 días que será publicado no BOP e para facilitar a participación cidadán se publicará tamén na páxina web do concello.

Todo elo, co cumprimento dos trámites legais e regulamentarios correspondentes.”

Expón Don Luís García Bello que en virtude do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, os municipios de máis de vinte mil habitantes teñen que prestar o servizo de protección civil. En desenvolvemento destas competencias, o concello elaborou o plan de emerxencias municipal e os plans de actuacións municipais para facer fronte a riscos específicos. O proxecto foi dirixido pola dirección de área de seguridade, e coordinado polo axente da policía local responsable da protección civil. No mesmo interviron diversos departamentos municipais, como urbanismo, informática ou estatística, ademais de institucións como o Instituto Galego de Estudos do Territorio, o servizo de prevención de análise de riscos da Subdirección Xeral de Protección Civil da Xunta de Galicia e o observatorio astronómico Ramón María Aller. En derradeiro lugar, destaca o concelleiro a colaboración de empresas concesionarias de servizos do concello, empresas privadas de telefonía, electricidade, e comunicación, que contribuíron a completar determinados capítulos e apartados do documento.

A norma autonómica, a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, recolle no seu artigo 10 a distribución de responsabilidades públicas en materia de protección civil, atribuíndo á Xunta de Galicia a superior coordinación e dirección da mesma, e ós municipios as responsabilidades na prestación dos servizos de protección civil, e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coa supervisión dos órganos de goberno dos entes provinciais, ós que compete a responsabilidade de garantir o cumprimento por parte dos municipios dos deberes neste ámbito.

Entre os obxectivos das actuacións das administracións públicas galegas en materia de protección civil e emerxencias se atopa o de planificar a acción pública e privada ata situacións de risco, previndo unha estrutura operativa de mandos unificados, os medios necesarios e os protocolos precisos para asegurar a integridade das persoas e dos bens.

Así as cousas, inspirándose nos criterios establecidos pola Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Lei de Protección Civil e outras normas concordantes, e respectando as súas determinacións, é polo que se ten elaborado o Plan de emerxencias do Concello de Santiago, que responde ao tipo de plan territorial. É un documento que ao longo dun índice que contén once capítulos e nove anexos, fai unha descripción do territorio, xeografía, poboación, vexetación, morfoloxía, industria, vías de comunicación, etc., do Concello, analizándose e valorándose os riscos aos que a poboación esta sometida. Ademais recolle o compendio de medios materiais e humanos dos que o Concello pode facer uso no caso de que o risco se materialice, e establece os equipos e os procedementos para facer fronte aos distintos riscos, incluíndo unha serie de protocolos para que no caso de que o Concello non puidese atender a emerxencia cos seus medios, asuma o control da mesma outra administración pública.

Este documento inclúe tamén diversa planimetría, a relación de medios e recursos necesarios para facer fronte ás diversas situacións de emerxencia que poidan producirse, e ademais tres protocolos de actuación fronte a riscos como inundacións, incendios forestais, ou accidentes de mercadorías perigosas.

Vinculado ao documento, e coa finalidade de darlle operatividade dando resposta a problemas de planificación e xestión, hai unha aplicación informática, que supón tamén a creación de órganos, xunta local de protección civil, comité asesor, gabinete de información, ou estruturas, centro de coordinación municipal, ... e inclúe tamén a formación

de persoal asesor, colaborador, ou aqueles que vaian participar na resolución de situacións de crise.

O PEMU é por outra banda un documento vivo, xa que precisa dunha actualización e unha revisión permanente coa finalidade de adaptalo á realidade social, económica, xeográfica e organizativa do Concello, mantendo deste xeito a súa operatividade.

A activación do plan de emerxencia municipal procederá cando sexa declarada polo director do Plan, o Alcalde ou persoa na que delegue, nos supostos de que se produza algunha das situacións ou continxencias contempladas no documento. Unha vez activado o plan de emerxencia, o director do plan xuntarase co comité asesor no CECOPAL e unha vez superada a situación de emerxencia, o director ordenará a desactivación do plan, aínda que se poderá manter a actividade sobre o terreo dalgún dos grupos de acción.

No suposto de que os recursos municipais fosen insuficientes para dar resposta axeitada á situación de crise xerada, ou aínda no suposto de que en principio os recursos se consideraran suficientes, e despois se comprobara pola evolución da situación que non o son, o propio plan contempla mecanismos nos que se produciría a transferencia de nivel 0, o nivel local de emerxencia, a outros niveis, con implicación doutras administracións públicas -Xunta ou Estado-, integrándose o director do plan de emerxencia municipal no órgano asesor contemplado no Plan de Emerxencia Territorial de Galicia, e engadindo ós recursos municipais os que aporte a nova administración actuante.

Explica por último o concelleiro a tramitación administrativa do documento, que pasa pola súa aprobación e exposición ó público. Unha vez resoltas as alegacións ou suxestións, o Plan remítese á Comunidade Autónoma para a súa homologación, requisito imprescindible para que se entenda aprobado, e se produciría a aprobación por silencio administrativo positivo no suposto de que remitido á Xunta, pasen tres meses sen pronunciarse sobre a súa homologación.

Don Rafael Vilar toma o uso da palabra, e adianta que este plan de emerxencias municipal vai contar co visto e prace do BNG nesta primeira fase de aprobación, independentemente de que se poidan considerar achegas a partir de hoxe.

Este é un documento evidentemente técnico, que nunhas case duascenas páxinas vai debullando toda unha serie de cuestións que teñen que ver coas emerxencias, constituíndo, cando menos sobre o papel, un instrumento de coordinación das actuacións relativas á protección civil, e polo tanto á prevención e loita contra os posibles riscos.

Por outra banda, o PEMU de Santiago ten obviamente o seu encadre na lei de emerxencias á que facía referencia o concelleiro, que é do ano 2007, tamén na lei estatal de protección civil do 85, e tamén no PLATERGA, que é o plan territorial de emerxencias galego do ano 2009.

No PLATERGA hai referencias específicas á nosa cidade, a Santiago de Compostela, atribuíndo un índice de risco potencial de emerxencia moi elevado, debido a dous factores, o primeiro a vulnerabilidade da poboación, que ten que ver co número de habitantes. Enumera o plan territorial de emerxencias catro riscos especiais, que son os incendios forestais, as inundacións, o transporte de mercadorías perigosas, e un cuarto que serían os temporais. No plan que se presenta hoxe veñen asociados plans de actuación municipais ou protocolos

sobre os tres primeiros factores enumerados, pero non sobre o cuarto, o relativo ós temporais. Este feito fai que o concelleiro lle pida ó sr. Bello, como responsable a partir de agora do Plan, que valore a posibilidade de que haxa un cuarto plan de actuación específico, que teña en conta os temporais.

Ao Sr. Cela parécelle tamén importante que na fase de consultas que se inicia a partir de hoxe se teñan en conta aquelas achegas e observacións que poidan proceder de colectivos directamente implicados, como pode ser o dos bombeiros, ou outros que sexan os que finalmente desenvolvan o plan.

A seguir, e xa pensando na aprobación final, o concelleiro poñería o acento en cuestións como a formación específica que van ter que adquirir as persoas con responsabilidades na implementación deste plan, ou a difusión externa á veciñanza, a través de campañas, ou da edición de folletos.

Dona Marta Álvarez-Santullano intervén seguidamente, e relata que o plan de emerxencia é un instrumento de coordinación das actuacións relativas á protección civil, que comprende a prevención e a loita contra todo tipo de riscos, e que atinxe ao modo de facer as cousas de xeito preventivo, pero tamén operativo. Está de acordo coa precisión do BNG no tocante á inclusión dun plan específico para os temporais porque efectivamente a nosa cidade nos últimos anos, excepto no caso dos incendios do ano 2006, os maiores riscos que afrontou tiveron relación cos temporais. Tamén é certo que este é un documento vivo, ó que se poden ir incorporando non só plans de emerxencia adicionais, senón tamén outro tipo de cuestións.

A seguir, a concelleira indica que un estudio polo miúdo do documento permite observar que faltan algúns datos e outros están sen actualizar. Por exemplo, en materia de turismo faltan os datos do ano 2012 en relación a hoteis, pensións, hostais, campings e casas de turismo rural, constanding unicamente ata o 2011, e no que atinxe ós anexos nos que se enumeran as escolas infantís, non consta a de Salgueiriños. Cando se fala de responsables de sección territorial da policía local, e da sección central da policía local, non sabe a concelleira a quen se está referindo o texto, pois estas seccións non existen na nosa organización. En todo caso, pensa a Sra. Santullano que estas cuestións se poden clarear de cara á aprobación definitiva.

Prosegue a súa intervención indicando que os datos do persoal da policía local e de bombeiros, tanto en relación ao número total da plantilla destes dous corpos, como aos integrantes no caso da policía local das diferentes categorías de gardas, oficiais, inspectores, e inspectores principais, etc., e en bombeiros tamén nas súas diferentes categorías, non se corresponden coa plantilla actual deste concello, ó que engade que consta hoxe na orde do día deste pleno, no punto seguinte, a corrección de erro no acordo de aprobación inicial do cadro de persoal para o ano 2012, que recolle os datos actuais, que deberan dar pé á modificación do documento.

En relacións aos bombeiros, chama a atención a referencia a que hai cinco quendas de 24 horas con alomenos 12 bombeiros, e diso dende logo fai tempo, porque dende que chegou o grupo popular ó goberno, ese número mínimo de bombeiros se ten reducido, o que obriga a corrixir o dato do plan.

Polo que atinxe ás empresas concesionarias do Concello, que constan nun dos anexos como asesores do plan de emerxencias, chama a atención a falta da do lixo, URBASER, e entende a concelleira que a colaboración que ela pode prestar nun caso de emerxencia é importante. Tamén falta a empresa concesionaria da limpeza, conserxería, etc., de pavillóns e colexios, que nun suposto de emerxencia pode resultar de utilidade. Tampouco está o documento adaptado ó novo organigrama do goberno municipal, pois non incorpora os cambios sufridos nesta última semana.

A continuación, desexa a concelleira agradecer o intenso traballo do responsable de protección civil, D. Joaquín Souto Iglesias, que leva traballando anos no texto, pois dende 2007 se ven preparando o documento que hoxe se completa, e nestes anos se teñen levado a cabo diversas actuacións en paralelo, como a sala do CECOPAL, enriba da de pantallas, ou as novas instalacións de protección civil.

Seguidamente a concelleira adianta que o seu grupo se absterá na votación á espera de que se corrixan no documento tódalas cuestións plantexadas, para proceder na aprobación definitiva a votar favorablemente. Non obstante, aproveita a ocasión para indicar que en todo caso o texto lle parece acertado e positivo.

Don Luís García Bello, pola súa banda, responde que este non é un documento pechado, pois se vai expoñer para alegacións e o goberno municipal amósase absolutamente permeable a todo o que sexa melloralo, mediante reunións con representantes de cada grupo, para tratar de que as opinións de cada ún deles se teñan en conta e se estuden. Opina que falar dos temporais en Santiago é importantísimo, pois hai danos que nalgúns ocasións poden ser elevados, e no tocante a detalles puntuais, como pode ser que se esqueza na relación de escolas a de Salgueiriños, serán solventados de seguro no período de información pública.

Xa que logo, de conformidade coa proposta da alcaldía, o informe do departamento de tráfico, e o ditame favorable da Comisión Informativa da área social, correspondente á súa reunión do pasado día 21, o Pleno da Corporación acorda por 15 votos a favor, dos membros dos grupos municipais Popular e BNG, e 9 abstencións, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, aprobar provisoriamente o plan de emerxencia municipal, que consta debidamente dilixenciado no expediente, e que se someterá á información pública polo prazo de 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan formular as alegacións, reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non habelas, o Plan entenderase aprobado definitivamente.

7. RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2012.

O erro a rectificar, ao que se refire o presente asunto da orde do día, deriva do feito de que no cadro remitido polo departamento municipal de Persoal para a súa aprobación inicial en sesión de 31 de xaneiro de 2013, figuran 126 prazas de policía local, en lugar do número correcto, que é de 125.

Explica o erro padecido o seguinte informe do departamento de Persoal, do día 12 deste mes:

“O pleno da corporación, na sesión que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2013, acordou aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal 2012.

Logo de examinado dito acordo resulta que no cadro de persoal cuxo contido se reflicte aparecen no apartado de persoal funcionario 126 prazas de policía locais, no canto das 125 que figuran no acordo plenario de aprobación definitiva do cadro de persoal 2012, do 31/07/2012.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro cómpre rectificar o erro padecido de xeito que onde figuran 126 prazas de policía locais deben figurar 125 prazas de policía local.

É canto teño a ben informar.”

De conformidade co informe transcrito, e o ditame favorable da Comisión de Réxime Interior, correspondente á súa reunión de data 25 de febreiro de 2013, dase conta ao Pleno da Corporación da corrección do erro plasmado no acordo de aprobación inicial da modificación do cadro de persoal 2012, adoptado en sesión de 31 de xaneiro de 2013, de xeito que onde figuran, no apartado de funcionarios de carreira, escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase cometidos especiais, apartado 4.- Policía Municipal, 126 policía, grupo C1, escala básica da policía municipal, deben figurar 125 policía, grupo C1, escala básica da policía municipal.

8. CONCESIÓN DE MEDALLAS E GALÓNS DE MÉRITOS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL.

Figura no expediente a seguinte proposta do día 15 de febreiro, do concelleiro-delegado da Policía:

“De conformidade con a proposta suscrita por el Jefe Accidental de la Policía Local de esta mesma fecha, en la que se hace constar que:

“Le remito el presente escrito, al objeto de comunicarle que el próximo día 02 de marzo de 2013, se celebra el Patrón de la Policía Local del Excmo. Ayuntamiento de Santiago de Compostela, Santo Ángel de la Guarda.

Con tal motivo tendrán lugar varios actos conmemorativos con la presencia de distintas Autoridades Civiles y Militares de nuestra Ciudad, familiares e invitados. Dentro de este marco se considera el momento oportuno para el reconocimiento de aquellos miembros de este Cuerpo por los méritos contraídos en el desarrollo su vida profesional.

Para ello, el Reglamento del Cuerpo de la Policía Local de Santiago de Compostela en su título V, que regula los premios y distinciones, en su artículo 46, contempla la concesión de la Medalla del Cuerpo de la Policía Local de Santiago, por el mantenimiento durante la vida profesional de una conducta ejemplar o por los méritos contraídos a lo largo de un período de tiempo.

A criterio de esta Jefatura, este año, se considera que son merecedores de tan honrosa distinción los siguientes agentes de esta Policía Local:

Don **MANUEL ANDRÉS GARCÍA OTERO**, Oficial de la Policía Local de Santiago de Compostela, Cuerpo en el que ingresó el 1 de julio de 1971, el cual ha desarrollado durante todo este tiempo, su labor profesional de un modo ejemplar.

Don **MANUEL LÓPEZ-RIVADULLA LAMAS**, Catedrático de Toxicología de la facultad de medicina de la Universidad de Santiago de Compostela.

Don **MIGUEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**, Sargento 1º del Destacamento de Tráfico de la Guardia Civil de Santiago, que ha colaborado intensamente en el Concello de Santiago de Compostela, y concretamente con la Policía Local, en la organización de los servicios relacionados con eventos deportivos. Es de destacar además que el Destacamento de Tráfico de Santiago, ha conseguido con la labor de vigilancia de las carreteras, entre ellas se encuentran las que discurren y son titularidad del Concello, el descenso de la siniestralidad y de las víctimas que ello puede comportar.

Don **ALFONSO MARTÍNEZ RIAL**, Subinspector del Cuerpo Nacional de Policía de Santiago, que ha colaborado con el Concello de Santiago y concretamente con la Policía Local, en la organización de servicios relacionados con acontecimientos deportivos en la ciudad.

Don **JOSÉ ANTONIO SUÁREZ GARCÍA**, funcionario del Excmo. Ayuntamiento de Santiago de Compostela, Concejalía de Movilidad, Tráfico y Seguridad Ciudadana, adscrito al área de circulación.

Así mismo el Reglamento del Cuerpo de la Policía Local de Santiago de Compostela en su título V, que regula los premios y distinciones, en su artículo 44, contempla la concesión del **Galón de Méritos** a aquellos componentes del Cuerpo, que se distingan especialmente por sus virtudes profesionales y humanas, a lo largo de este último año, considerando merecedores de esta distinción los siguientes Agentes:

Don **JOSÉ MANUEL SAMPEDRO ALCALDE**, Agente de la Policía Local de Santiago, cuerpo en el que ingresó el día 12 de febrero de 1990, el cual, ha participado en diferentes servicios de gran relevancia, siendo algunos de éstos:

* 18 de abril de 2012, participó en la detención de una persona por un delito de lesiones y atentado a agente de la autoridad.

* 8 de diciembre de 2012, participó en la detención de una persona por un delito de amenazas y tenencia ilícita de armas de fuego.

* 13 de enero de 2013, participó en la detención de un individuo que fue sorprendido in fraganti, cometiendo un robo con fuerza en un bar de la ciudad, habiendo agredido al propietario del mismo, siendo detenido en la huída.

Don **MARCOS IGLESIAS MARTÍNEZ**, Agente de la Policía Local de Santiago de Compostela, Cuerpo en que ingresó el 14 de enero de 2004, el cual ha participado en diferentes servicios de gran relevancia, siendo alguno de estos:

* 18 de junio de 2012, participó en la detención de una persona como autora de un delito contra la seguridad vial.

* 8 de julio de 2012, participa en el dispositivo de auxilio a un niño de tres años que se encontraba en estado de abandono por parte de sus progenitores.

* 6 de noviembre de 2012, sorprende a una persona, haciendo pintadas en la ciudad, el cual emprende la huida, siendo alcanzado por éste.

Don **MANUEL CURROS ESPERANTE**, Agente de la Policía Local de Santiago de Compostela, Cuerpo en el que ingresa el día 12 de febrero de 1990, el cual ha participado en diferentes servicios de gran relevancia siendo alguno de ellos:

* 29 de octubre de 2012, participó en la detención de una persona, autora de un delito de homicidio en grado de tentativa, tras una persecución por el casco urbano de la ciudad.

* 20 de noviembre, participó en la detención de una persona, presunta autora de un delito de hurto de vehículo, persiguiéndolo durante un largo período de tiempo, poniendo su vida en peligro con ello.

PROPONGO AL PLENO DE LA CORPORACIÓN, el otorgamiento de las medallas y galones a las distintas personas que se relacionan en la propuesta del Inspector Jefe Accidental de la Policía Local, por los motivos que en dicho informe se hacen constar y que a continuación se relacionan:

MEDALLA DEL CUERPO DE LA POLICÍA LOCAL, al agente:

DON MANUEL ANDRÉS GARCÍA OTERO.

A otras autoridades y organizaciones:

DON MANUEL LÓPEZ-RIVADULLA LAMAS (Catedrático de Toxicología).

DON MIGUEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (Sargento 1º de la Guardia Civil).

DON ALFONSO MARTÍNEZ RIAL (Subinspector del Cuerpo Nacional de Policía).

DON JOSÉ ANTONIO SUÁREZ GARCÍA (Funcionario del Concello).

GALÓN DE MÉRITOS, a los siguientes agentes del Cuerpo:

DON JOSÉ MANUEL SAMPEDRO ALCALDE.

DON MARCOS IGLESIAS MARTÍNEZ.

DON MANUEL CURROS ESPERANTE.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 42 del Reglamento del Cuerpo de la Policía de Santiago, estas menciones honoríficas entregadas a los agentes del Cuerpo, constituirán

mérito destacado en la fase de concurso para los ascensos y así se hará constar en los expedientes personales de los distinguidos.”

Don Luís Bello expón que con motivo da celebración do patrón da policía local de Santiago o próximo día 2 de marzo de 2013, Santo Anxo da Garda, e como é habitual todos os anos, entre os actos conmemorativos atópase o do outorgamento de distintos méritos e distincións a membros do corpo, e a outras personalidades cuxa vida profesional se atopa vinculada ás actividades do mesmo. Así, este ano o xefe accidental da policía local propón ao pleno da Corporación a concesión da Medalla do Corpo da Policía Local, polo mantemento durante a vida profesional dunha conducta exemplar, ou polos méritos contraídos ao longo dun período de tempo a:

D. Manuel Andrés García Otero, oficial da Policía Local de Santiago de Compostela.

D. Manuel López-Rivadulla Lamas (Catedrático de toxicoloxía da Facultade de medicina da Universidade de Santiago de Compostela).

D. Miguel Rodríguez Vázquez (Sarxento 1º do destacamento de tráfico da Garda Civil de Santiago).

D. Alfonso Martínez Rial (Subinspector do Corpo Nacional da Policía de Santiago).

D. José Antonio Suárez García (Funcionario municipal, adscrito á área de circulación).

E, así mesmo, o xefe accidental da Policía Local propón a concesión de galón de méritos, de conformidade co artigo 44 do Regulamento da Policía Local, a componentes do Corpo que se distinguen especialmente polas súas virtudes profesionais e humanas, ao longo deste último ano, participando en diversos servizos de gran relevancia como o de detención de delinquentes perigosos, auxilio a menores en estado de abandono, protección do patrimonio cultural, aos seguintes axentes:

D. José Manuel Sampedro Alcalde, axente da policía local de Santiago.

D. Marcos Iglesias Martínez, axente da policía local de Santiago..

D. Manuel Curros Esperante, axente da policía local de Santiago.

Don Rafael Vilar indica que o BNG vaise abster neste punto polos mesmos motivos manifestados o ano pasado. Están a favor das distincións a que se refire o artigo 46 do Regulamento do Corpo da Policía Local, é dicir, ás medallas que se outorgan polo mantemento durante a vida profesional dunha conduta exemplar, ou polos méritos contraídos ao longo dun período. Tamén estarían a favor das distincións contempladas no artigo 45 dese mesmo Regulamento, que ten que ver coa medalla de servizos distinguidos, que serían para aqueles axentes do corpo que destacasen na realización dalgún acto heroico, ou xeneroso con grave risco da súa vida, pero aquí nesta proposta non se contempla ningún destes casos.

Sen embargo, co que non están de acordo é co galón de méritos, contemplado no artigo 44 para aqueles compoñentes do corpo que se distinguen especialmente polas súas virtudes profesionais e humanas ao longo do último ano. Parécelle ao concelleiro que estamos diante dun criterio subxectivo de máis para premiar a alguén co galón de méritos, e hai outro

elemento que hai que ter en conta, que ten que ver con que o cadro de persoal da policía ten funcións diferentes, está distribuído en diversas unidades, e cada axente ten cometidos distintos, e polo tanto, non se establecen mecanismos minimamente solventes que permitan obxectivar as virtudes duns e doutros axentes.

E por riba, dende o seu punto de vista, estas distincións van máis alá do simbólico, porque segundo o punto 2 do artigo 42 do Regulamento, o galón de méritos constitúe un mérito destacado na fase de concurso para ascensos, deixándose constancia del nos expedientes persoais.

Este ano veñen a través desta proposta tres nomes, entre os que chama a atención o dun axente que xa foi distinguido co galón de méritos o ano pasado. É cando menos rechamante que nunha plantilla que ronda os 150 efectivos, dous anos seguidos se acabe premiando ao mesmo axente. O concelleiro non cuestiona nin a súa valía, nin a súa dedicación, nin as súas capacidades, pero si a oportunidade de invocar un mecanismo que lles parece arbitrario e que ademais pode crear agravios comparativos entre os axentes. Deste xeito, o BNG apoiaría a parte da proposta referida ás medallas do corpo, e se abstería no que ten que ver co galón de méritos, pero se non se separan os dous apartados, a votación sería de abstención para o conxunto da proposta.

Dona Marta Álvarez-Santullano intervén para adiantar que o voto do grupo municipal socialista vai ser favorable.

Don Luís García Bello toma o uso da palabra indicando que fai pouco tempo accedeu á concellería de seguridade cidadá, pero o feito de que a proposta veña avalada polo xefe da policía local fai que non albergue ningunha dúbida de que os premiados ou os que obteñen méritos o son merecidamente.

De conformidade coa proposta do Concelleiro-delegado de mobilidade e seguridade cidadá transcrita anteriormente, e o ditame favorable da Comisión informativa de Réxime Interior, correspondente á súa reunión do día 25 de febreiro, o Pleno da Corporación acorda por 21 votos a favor, dos membros dos grupos municipais Popular e PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal BNG, ao abeiro do que dispoñen os artigos 44 e 46 do vixente Regulamento do Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela:

a) A concesión da Medalla do Corpo da Policía Local ós seguintes axentes, autoridades e organizacións:

* Axente do Corpo:

D. Manuel Andrés García Otero.

* Outras autoridades e organizacións:

D. Manuel López-Rivadulla Lamas (Catedrático de toxicoloxía).

D. Miguel Rodríguez Vázquez (Sarxento 1º da Garda Civil).

D. Alfonso Martínez Rial (Subinspector do Corpo Nacional da Policía).

D. José Antonio Suárez García (Funcionario municipal).

b) A concesión do Galón de Méritos do Corpo da Policía Local ós seguintes axentes do Corpo:

D. José Manuel Sampedro Alcalde.
D. Marcos Iglesias Martínez.
D. Manuel Curros Esperante.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Regulamento do Corpo da Policía Local de Santiago, as mencións honoríficas outorgadas aos axentes do Corpo da Policía Local constituirán mérito destacado na fase de concurso para os ascensos, o que se fará constar nos correspondentes expedientes persoais.

9. CORRECCIÓN DE ERRO EN NOME DE RÚA.

Figura no expediente un informe do día 13 deste mes, do negociado de estatística, que pon de manifesto a existencia dun erro no acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 30 de decembro de 2004, no asunto número 9, que leva por título “denominación de diferentes rúas do municipio”, pois nunha delas, do solo urbanizable programado 5, e na que figura o nome de “Manuel Caeiro Quintás, empresario”, debe figurar o de “Manuel Caeiro Quintás, empresario”

Xa que logo, de conformidade co citado informe, e co ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do día 25 deste mes, dáse conta ó Pleno da Corporación da corrección do erro detectado en acordo plenario de 30 de decembro de 2004, a propósito da denominación de rúas, pois onde di “Manuel Caeiro Quintás, empresario”, debe dicir “Manuel Caeiro Quintás, empresario”.

10. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 2013-SUPLE-8. SUPLEMENTO DE CRÉDITO “XESTIÓN E SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE SALGUEIRIÑOS”.

A proposta da concelleira-delegada de Educación e Normalización Lingüística, do día 19 deste mes, en relación co presente asunto, ten o seguinte contido:

“Tendo en conta que no pasado ano do 2012 se iniciou a licitación dun novo contrato na modalidade de “anticipado de gastos” para a “Xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños” comprometéndose a cobertura orzamentaria das prestacións derivadas de dita licitación no orzamento que teña que rexer para o actual ano do 2013.

Tendo en conta que o contrato vixente para a prestación de tales servizos, encontrase en situación de prórroga, rematando a mesma o próximo día 23 de abril.

Tendo en que o día da data non recaeu aprobación inicial dos orzamentos municipais para o ano en que andamos, e que os mesmos non entrarían en vigor na data de vencemento de aquela prórroga, non contando en consecuencia o contrato que se esta a tramitar con necesaria dotación orzamentaria, faise necesario complementar a aplicación orzamentaria 020.32101.22703 “Escuelas Infantiles Municipales. Contratos de prestación de servicios”, no importe de 206.425,00 euros do orzamento municipal vixente, que resulta ser o

prorrogado do 2012 e iso co obxecto de dar cobertura orzamentaria a contratación indicada na data en que finalice a vixencia do contrato actual e deba formalizarse o que se perfeccione na sustentación da contratación en curso.

Para a finalización deste suplemento de crédito é posible dar de baixa a dotación da aplicación orzamentaria seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE BAIXA POR ANULACIÓN
040.34900.48901	O.A. Deportes. Outras transf. Non nominativas	206.425,00 euros

Cuxa dotación é posible reducir na indicada cuantía sen que iso supoña ou poida supoñer un menoscabo no funcionamento do servizo municipal ao que a dotación está adscrita.

Por todo iso, previo informe da Intervención Xeral Municipal e de conformidade co previsto no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 37.3 do RD 500/90, de 20 de abril, e base 10ª das de execución dos orzamentos municipais para o ano en curso, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a modificación orzamentaria 2013-SUPLE-08, suplemento de crédito, por importe de 206.425,00 euros, con arranxo ao seguinte detalle e en base á motivación que se deixa indicada na parte expositiva desta proposta.

Aplicacións orzamentarias cuxos créditos se minoran:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE BAIXA POR ANULACIÓN
040.34900.48901	O.A. Deportes. Outras transf. Non nominativas	206.425,00 euros

Aplicacións orzamentarias cuxos créditos se suplementan:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE A SUPLEMENTAR
020.32101.22703	206.425,00 euros

Tal e como se indica no Decreto da Concelleira de Facenda, Orzamentos e Contratación de inicio do presente expediente de modificación orzamentaria, de acordo co disposto no artigo 21.6 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, a presente modificación orzamentaria se considerarán incluídos nos créditos iniciais do orzamento que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación deba rexer para o actual exercicio económico de 2013, polo que unha vez este último entre en vigor a presente modificación deberá ser obxecto de anulación nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación en cumprimento do previsto no artigo 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o

expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no BOP, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial á definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo os créditos executivos a partir da súa publicación.

De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación da modificación do citado órgano.”

A proposta foi informada favorablemente polo Sr. Interventor de Fondos Municipais con data do pasado día 21. Así mesmo, o proxecto de modificación orzamentaria foi aprobado pola Xunta de Goberno en sesión dese mesmo día 21.

Dona Rebeca Domínguez explica que se propón neste asunto ao Pleno da Corporación, previo informe da intervención municipal, de conformidade co previsto no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e de acordo co artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, e coa base décima de execución dos orzamentos municipais actualmente en curso, suplementar a aplicación orzamentaria referente ás escolas municipais infantís, contratos de servizos, en 206.425 euros, co obxecto de dar cobertura á contratación da xestión do servizo da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños, actualmente en marcha a súa licitación por procedemento aberto. Esta operación asegura dispor da cobertura orzamentaria necesaria na data do novo contrato.

Trátase, xa que logo, de levar a cabo unha modificación do orzamento prorrogado, legalmente prevista, a fin de que se conte con crédito suficiente para dar cobertura a unha anualidade de contrato, considerándose efectuada a presente modificación nos créditos iniciais do orzamento, polo que unha vez que o orzamento de 2013 entre en vigor, a presente modificación deberá ser obxecto de anulación nos termos previstos na normativa reguladora de facendas locais.

Este suplemento de crédito financiarase con cargo á aplicación orzamentaria “deportes outras transferencias non nominativas”, susceptible de baixa por tratarse de créditos de partidas de gastos non comprometidos, e reducibles, sen que supoña unha perturbación no funcionamento do servizo ao que se atopan adscritos os créditos correspondentes, tal e como indica o informe do señor interventor, de 21 de febreiro do ano no que andamos, no seu punto 3.

Polo tanto, a convocatoria de subvencións non se verá en ningún caso afectada por estas modificacións, xa que tanto as mesmas como a consignación para a xestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños, aparecerán contempladas no orzamento de 2013.

Dona Elvira Cienfuegos intervén a seguir, e indica que o PP fixo da puntualidade na aprobación dos orzamentos municipais unha cuestión esencial no pasado mandado, pois unha e outra vez recriminaron ao goberno municipal que non se aprobaran en tempo e forma, cuestionando con vehemencia e acritude do quefacer do concelleiro ou concelleira

coa delegación correspondente de facenda. Sen embargo, o pasado ano, o primeiro no que o PP tiña que presentalos, os orzamentos foron sometidos á aprobación inicial a finais de xuño, e este ano parecen ir polo mesmo camiño. De momento, e como no pasado exercicio, estivemos asistindo ás súas promesas de presentalos en tempo e forma, e superado o prazo ofrecen á cidadanía datos parciais sobre o próximo orzamento, e seguen reiterando promesas de inminente presentación. Porén, hoxe o grupo de goberno trae a este pleno ordinario de febreiro a aprobación dun expediente de modificación orzamentaria xustificada pola previsión de que os orzamentos non estarán vixentes cando remate a prórroga da xestión da escola infantil de Salgueiriños, remate previsto para finais de abril.

Prosegue a concelleira lembrando que se a Escola infantil de Salgueiriños non ten contrato cando menos ate fin do curso, débese a que no ano 2012 o retraso na aprobación dos orzamentos reduciu o tempo para o procedemento, responsabilidade achacable ao grupo de goberno. Deste modo, aproximándose as datas de inicio de curso, o goberno optou por realizar un contrato de meses, ate fin do ano 2012, para nese tempo xestionar outro dunha duración acaída ao servizo, pero tampouco foron quen de sacalo adiante nese prazo, e víronse obrigados a prorrogar o contrato realizado. E avanzada a prórroga, danse conta de que os novos orzamentos non van estar dispoñibles antes de que remate o ano, e para poder seguir prestando o servizo teñen que proceder a unha modificación dos orzamentos prorrogados do 2012, para dispoñer de crédito suficiente para manter o servizo, cando menos ata o remate de curso. Iso faino o goberno incorporando máis de douscentos mil euros do orzamento de deportes, e agora ó interese xeral da aprobación dos orzamentos 2013 sumarase seguramente o interese do concelleiro de deportes, e dos posibles receptores das transferencias do contido da partida orzamentaria, para poder recuperala canto antes a través dos novos orzamentos.

En calquera caso, o BNG comparte que dar solución ao tema da escola infantil de Salgueiriños é de máxima importancia, pero é tamén de grande interese unha cuestión que parece esquecer o goberno, de dar solución á situación dos servizos de limpeza das outras escolas infantís da rede da Galiña Azul, San Roque, Tambre e Tras Parlamento, e dos servizos de conserxería e limpeza dos colexios públicos do concello.

É ben sabido que o Concello está a adebedar cantidades importantes correspondentes ao ano 2012, o que está a traducirse en nóminas impagadas aos traballadores e traballadoras que viñeron cumprindo coas súas obrigas laborais, xa que logo, facilitando que os servizos educativos se prestasen con normalidade. Urxe regularizar a situación cun contrato formal, e urxe aboar as facturas pendentes. De momento, o goberno ocúpase de intentar resolver o problema da escola infantil de Salgueiriños, un problema que eles mesmos xeraron e que se vai agravando co paso do tempo. Fíxose un contrato por tres meses e medio para un servizo a prestar durante un ano, e non hai máis remedio que prorrogar o contrato, e ademais proceder a unha modificación de crédito. Cómpre non esquecer que a prórroga do contrato pode supor un cambio cualitativo nos dereitos dos traballadores e traballadoras que están prestando servizos na escola infantil, persoal sobre o que pesa a sospeita de que o seu contrato non respondese unicamente a méritos propios, tal e como se deduce das informacións publicadas en relación con distintas imputacións xudiciais. Estase a aumentar o período dos tres meses e medio previstos a cinco e medio neste momento, e a seis dende que a modificación de crédito pase o período de exposición pública, xa que logo, con seis meses a situación será diferente en canto aos dereitos do persoal de consolidación do posto de traballo, sexa cal sexa a empresa adxudicataria do servizo.

Continúa a concelleira dicindo que poden interpretarse os feitos de moitas maneiras, e a máis favorable ao grupo de goberno sería a de que son incapaces de xestionar eficazmente os intereses da cidadanía de Santiago, e que a súa incapacidade está a xerar tensións innecesarias no persoal municipal, no persoal que traballa para o concello a través de empresas, no grupo de goberno e na cidadanía en xeral. O BNG entende que hai que seguir a prestar o servizo, como entendeu no seu momento que era menos malo facer un contrato por tres meses que manter a escola infantil pechada por non poder dispoñer dun contrato dun ano, pero tamén cree que é responsabilidade do grupo de goberno ter chegado a esta situación, e xa que logo, súa é tamén a responsabilidade de darlle solución, así o BNG deixará nas mans do grupo popular esa responsabilidade, e absterase na votación.

Dona Marta Álvarez-Santullano intervén seguidamente, e amósase sorprendida de que sexa dona Rebeca Domínguez quen defenda esta proposta, que sona a unha encerrona máis por parte do señor Currás e dos seus fieis ao sector crítico deste goberno. E di isto porque hoxe dona Rebeca Domínguez non é concelleira de educación, e porque quen habitualmente defende as propostas de recoñecemento de crédito neste pleno é a concelleira de facenda, hoxe superconcelleira de facenda e contratación. Isto parécelle unha falta de compañeirismo cunha concelleira que está imputada nuns actos baixo segredo de sumario.

No que ten que ver coa proposta que hoxe se trae a aprobación, de modificación orzamentaria por un importe de algo máis de douscentos mil euros, pensa que ó derivar na retirada dunha partida do departamento de deportes, provocará, se non se aproban axiña os orzamentos, o descontento do concelleiro de deportes, e por suposto o dos clubs deportivos.

Prosegue indicando a Sra. Santullano que no orzamento prorrogado de 2012, efectivamente non se contemplou cantidade algunha para esta escola infantil por toda a anualidade. E agora, por certo, púidose ter contemplado no decreto de prórroga do orzamento esta modificación, e en cambio, unha vez máis, a falta de previsión fai que outra vez neste pleno se teña que debater un expediente de recoñecemento de crédito.

No expediente administrativo que hoxe se trae á aprobación, consta unha solicitude de incoación por parte da entón concelleira de educación, dona Rebeca Domínguez, solicitude na que se dá traslado expreso á concelleira de facenda de dúas cuestións máis, como son as facturas emitidas pola empresa SERMASA entre xuño e decembro do ano 2012, por importe de 628.313 euros, correspondentes á limpeza e conserxería de colexios, e facturas emitidas por SERMASA no ano 2012, pola limpeza das garderías por importe de 49 mil euros. A comisión informativa de facenda do día 25 de febreiro unicamente ditamina a primeira das propostas, mentres se levan escoitando promesas de diferentes membros do goberno en relación a que xa se está a solucionar esta cuestión do pagamento a SERMASA, cando non é así. O grupo municipal socialista preguntou á Presidenta da Comisión informativa polo estado de tramitación deste expediente, precisamente porque a el se facía referencia no punto que se debatía na comisión informativa, ao que a concelleira de facenda non respostou. É importante dicir, afirma a Sra. Santullano, que o pasado día 3 de xaneiro o Sr. Alcalde presentou en rolda de prensa os datos globais do orzamento, que o 23 de xaneiro volvía a facer o mesmo coa concelleira de facenda, e que hoxe, día 28 de febreiro, non hai nada de nada.

O día 5 de febreiro de 2013, a concelleira de facenda anuncia en rolda de prensa unha modificación orzamentaria sobre o orzamento prorrogado do ano 2012, e di expresamente o seguinte: "... aínda así, o pagamento non sería posible ata mediados do mes de marzo, porque a modificación habería de ser respaldada pola Corporación, publicarse e estar sometida a un prazo de exposición ao público". A concelleira pediu aos grupos da oposición que "evitaran presentar alegacións e valoraran o esforzo do goberno para detraer ese importe doutros compromisos", e a verdade é que sorprende e ata parece unha situación surrealista que hai máis de vinte días se convocara unha rolda de prensa para dar unha solución que hoxe tampouco se ten dado, nin na comisión informativa, nin no pleno da corporación, e dende logo, xa parece case de risa pedir responsabilidade á oposición cando quen non está a adoitar unha actitude de responsabilidade é o goberno municipal.

Afirma a concelleira que a historia non remata aquí, porque ao día seguinte da comisión informativa de facenda, o día 26 de febreiro, na prensa, en concreto na portada do xornal "la voz de Galicia", a concelleira de facenda aparece sentada nunha das oficinas que xestiona, e nela se di, que non vamos a ter orzamentos polo menos ata mediados de abril, e se engade, unha vez máis, como non podía ser doutro xeito, que a responsabilidade é dun funcionario municipal, neste caso do interventor. Ao grupo socialista parécelle increíble que a concelleira de facenda manifeste publicamente que descoñece en que estado de tramitación está un expediente que tivo que ser remitido por orde da xuíza ao xulgado de Lugo, e dende logo está fóra de lugar que unha vez máis se lle pretenda trasladar a responsabilidade a un técnico, neste caso, ao interventor municipal, e que se manifeste incluso expresamente que quen leva estas propostas á comisión informativa é a intervención municipal. Clarexa a Sra. Santullano que a proposta é dun concelleiro/a, pois o interventor o que fai é informar, e se a Sra. Sierra descoñece en que estado de tramitación está o expediente por estar na mesa do interventor, non ten máis que cruzar o pasillo do seu despacho, que está ben cerca do do señor interventor, e de seguro que éste lle informará sobre o estado de tramitación.

Remata a súa intervención a concelleira indicando, en relación á falta de orzamento municipal a estas alturas do ano, que nos medios de comunicación varios membros do goberno municipal teñen manifestado que efectivamente están elaborados, pero que non contan aínda cos informes dos técnicos, por exemplo da intervención municipal, e que por iso non se teñen presentado á Comisión informativa e ao pleno da corporación para a súa aprobación. Ao seu ver, amosa unha falta clara de responsabilidade presentar uns orzamentos que non contan con informe de intervención.

Por último, indica Dona Marta Santullano que o grupo municipal socialista non vai apoiar esta proposta, pois efectivamente a responsabilidade de dar solución a estas imprevisións é do goberno municipal, por iso o voto vai ser de abstención.

Dona Rebeca Domínguez toma o uso da palabra, e en relación co manifestado polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre débedas pendentes, indica que lle parece canto menos chamativo que se fale de débedas pendentes de pago, cando a 1 de xullo de 2011, segundo arca de arqueo, se adebedaban nada menos que 14.500.000 euros. Entre estas débedas figuraban, por poñer algúns exemplos, máis de 1.600.000 euros a CESP, á Sociedade Estatal de Correos 200.000 euros, 123.000 a Unión Fenosa, máis de 3.300.000 de euros a URBASER. En concreto, a esa data estaban pendentes de pagamento a SERMASA 45 facturas por importe de 831.000 euros. Fálase agora de preocupación polas familias, pero os grupos da oposición tamén puideron preocuparse antes. Como ó goberno municipal lle

preocupa o tema, e actúa con feitos, os dous puntos da proposta de incoación de expediente que non se tramitaron conxuntamente coa proposta que se levou á comisión informativa esta semana, están precisamente onde teñen que estar, tramitándose, e non nos caixóns, como estaban algunhas facturas cando o partido popular tomou posesión en Raxoi, como a de Fenosa, de case un millón de euros, ou a de transportes Mosquera, de case 600 mil euros. Estima a concelleira que unha mostra de responsabilidade é facer o que se está a facer por parte da concelleira de facenda, e responsabilidade é aprobar unha operación de tesourería para facer fronte a máis de doce millóns e medio de euros que se viñan arrastrando, ademais de resolver problemas froito dunha xestión máis que nefasta.

Indica que feitos son tamén que as facturas de xestión regular se estean pagando a mes vencido, cousa que nunca antes sucedera no Concello de Santiago.

No tocante ao orzamento, non cree que sexan exemplos de boa xestión os dos últimos oito anos, nos que non se aprobaron en tempo e forma. Neste senso, xulga especialmente grave o sucedido no ano 2010, ano xacobeo e clave para Compostela, no que se aprobou o orzamento nada menos que en setembro. Tamén se falaba polas concelleiras que lle precederon no uso da palabra de falta de previsión, pero cree a Sra. Domínguez que o que se trae hoxe a pleno non é falta de previsión, senón todo o contrario, e opina que é adiantarse a que poida xurdir un eventual problema cun mecanismo que está legalmente previsto para tal fin.

Como ben é sabido, a escola de Salgueiriños estaba en construción cando o grupo municipal popular gaña as eleccións, e unha das primeiras cuestións ás que se tivo que enfrontar foi non só a de poñela en marcha, senón tamén a de reparar as carencias do proxecto desta infraestrutura, ás que se dou resposta o antes posible. Aínda así, aínda podendo o goberno ser capaz de adaptar a escola a toda a normativa, co custo que iso supuxo, houbo que mellorar a escola e facer fronte a un montón de imprevisións, e rematada a actuación comezouse a traballar para poder poñela en funcionamento. O goberno municipal, a pesar da situación económica que atopou, e aínda que pareza que xa todo o mundo está farto de falar de herdanza, non só continuou prestando o servizo, senón que ademais o ampliou, coa dotación do centro de Santa Marta, á vez que facía fronte a outras improvisacións do goberno anterior, como a falta de conexión no saneamento e iluminación da cafetería do Paxonal, ou o máis recente, do catalizador cultural de Belvís, aínda que sexan cousas que non teñen demasiado que ver con este punto, pero si coa falta de previsión da que se lles acusa tantas veces ós membros do grupo popular.

Para Dona Elvira Cienfuegos o goberno esquece moi a miúdo que non lle toca facer oposición, senon gobernar, e lembra que moitas das facturas pendentes do goberno anterior o eran por discrepancia co seu recoñecemento. En calquera caso, esa situación non se tiña traducido en impagos ós traballadores e traballadoras, como está a suceder agora, do que seguro que a Sra. Domínguez é plenamente consciente. Hai outras imprevisións ás que fai mención a concelleira coas que tamén discrepa a Sra. Cienfuegos, como as relativas ó centro de Santa Marta, que se fixo coa cantidade orzamentaria que había, e contando con que faltaba o mobiliario, que non é que non se prevese, senón que se prevía para o ano seguinte, que era o ano que lle tocou gobernar ao partido popular.

Con respecto ao do Paxonal, lembra que efectivamente quedou sen luz e sen conexións de auga, pero os membros do grupo popular eran coñecedores de que había moitas persoas

interesadas en xestionar esa cafetería, e preferiron deixala morrer en base a que faltaba un investimento de 27 mil ou 30 mil euros, e non a puxeron a funcionar nun momento no que hai déficit de postos de traballo. En calquera caso, di a concelleira que o que se está a xulgar agora é unha ampla traxectoria de imprevisións, como pón de manifesto que hoxe teña que vir a recoñecemento de ampliación de crédito, unha modificación de crédito aos orzamentos de 2012 cando estamos en febreiro de 2013. Este dato xa é suficientemente relevante, pero na súa anterior intervención xa puxo de manifesto outras moitas imprevisións, como a de non ter capacidade para o contrato do servizo da escola infantil en tempo e forma, como a de ter que prorrogar o xa feito, ou como a de ter que sometelo agora a unha modificación de crédito. Os datos falan por si mesmos, e hoxe quen goberna ten compromisos ós que hai que dar resposta, e o máis recente é o do 5 de febreiro, da concelleira de facenda anunciando que en quince días estaría resolta a modificación orzamentaria para dar solución os impagos a SERMASA, no referido aos colexios públicos ou ás escolas infantís.

Dona Marta Álvarez-Santullano, pola súa banda, indica que despois de escoitar esta segunda intervención da Sra. Domínguez, aínda lle sorprende máis que non a tivera realizado a concelleira de facenda, que se limitou a pasarlle os datos a Dona Rebeca.

Comprende que o goberno teña que falar do centro de Santa Marta, da Escola de Salgueiriños, do Paxonal, ou do centro de Belvís, aínda que sexa para dicir que non lles gusta, porque o que non poden facer é falar das súas obras e dos seus equipamentos, porque simplemente, despois de case dous anos, o balance é cero. A realidade é que o día 1 de xullo vai facer dous anos que tomaron posesión, e aínda non están afeitos á bancada do goberno e seguen falando do goberno anterior.

Hoxe efectivamente se trae aquí un recoñecemento de crédito, se fala das facturas, e se fala da débeda que o goberno anterior deixou coas empresas concesionarias cando o partido popular tomou posesión. Sen embargo, a concelleira quere poñer enriba da mesa unha diferenza importante, pois naquel momento se debían cantidades ás empresas concesionarias pero dentro do contrato en vigor, o que difire substancialmente do tema que tratamos hoxe, pois estamos a falar de facturas fóra de contrato dende o mes de xuño do ano 2012, que non é o mesmo falar de facturas que están integradas nun contrato, incluso dende a perspectiva da seguridade das empresas para cobrarlas.

A Sra. Domínguez fala da xestión nefasta do goberno anterior, e de que se tardaba moito en presentar os orzamentos, pero cree a Sra. Santullano que o actual goberno está a ver se supera esa tardanza. Efectivamente os orzamentos no ano 2010 non se aprobaron no mes de xaneiro, nin de febreiro, pero o goberno municipal naquel momento non deixou de prestar ningún servizo, nin de prestar as súas obrigas por non ter aprobados os orzamentos, e non estivo permanentemente traendo recoñecementos de crédito aos plenos ordinarios, como fai o goberno actual. Daquela cumpriron coa súa obriga, e se puido facer un balance positivo por todas as administracións, e por todos os composteláns do que foi o ano xacobeo 2010. Efectivamente tamén hai cousas que pasan agora e non antes, por exemplo, nunca os traballadores dunha empresa concesionaria estiveron sen cobrar o seu salario, nunca pasou tampouco que os traballadores municipais, como si pasa agora, estiveran sen cobrar as horas extras que realizan un ano despois.

O grupo de goberno ten que falar do pasado porque se ve imposibilitado de facelo do presente, e asegura a concelleira que moitos composteláns, incluso os que votaron ao

Partido Popular fai dous anos, están a falar de que en relación ao goberno anterior, outro virá que bo te fará.

Intervén finalmente o Sr. Alcalde, que en referencia aos concelleiros do BNG indica que preocuparse polos cidadáns é entre outras cousas vir aos plenos e non irse de novillos, ou de cañas ao Franco, como fixeron no último pleno ordinario.

En relación á intervención da Sra. Santullano di que lle provoca hilaridade, pois o resultado da acta de arqueo, cando o grupo popular se fixo cargo do goberno municipal, era de débedas de setenta millóns cos bancos e vinte e catro con provedores, nas que estaba incluída algunha en pesetas, débedas que tivo que pagar o goberno popular. O goberno anterior arruinou ó Concello, e agora imos ter por primeira vez un remanente positivo.

Con respecto á escola de Salgueiriños, e das imprevisións do proxecto aprobado polo anterior goberno, explica o Sr. Alcalde que para 123 alumnos contaba cunha cociña case de camping gas, o que obrigou a instalar unha industrial, e a facer unha conexión de gas, coa que non contaba, á parte doutros modificados, pois non cumpría coa lexislación en materia de Escolas infantís. Di tamén o Sr. Alcalde que da escola do Polígono do Tambre, cun deseño moi novidoso, as asociacións de pais, e o propio centro, denunciaron o problema de frío que pasaban os nenos no inverno e o calor que pasaban no verán, que afogaban os nenos, o que unha vez máis amosa a falta de previsión do anterior goberno, que debe deixar de dar leccións porque ten moito que aprender.

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada de Educación, o informe do sr. Interventor de Fondos, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, o Pleno da Corporación acorda por 12 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 abstencións, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, aprobar inicialmente a modificación presupostaria de suplemento de crédito número 08 de 2013, por importe de 206.425,00 con destino á xestión do servizo da escola infantil municipal de Salgueiriños, que se financiará dando de baixa a partida presupostaria denominada O.A: Deportes, outras transferencias non nominativas, e de conformidade co seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias cuxos créditos se minoran:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE BAIXA POR ANULACIÓN
040.34900.48901	O.A. Deportes. Outras transf. Non nominativas	206.425,00 euros

Aplicacións orzamentarias cuxos créditos se suplementan:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE A SUPLEMENTAR
020.32101.22703	Escolas infantís municipais. Contratos de prestación de servizos	206.425,00 euros

De conformidade co que dispón o artigo 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someterase á información pública, previo anuncio no Boletín Oficial da

Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer as reclamacións que estimen oportunas. De non haberlas, o expediente entenderase definitivamente aprobado.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CÓDIGO DE BO GOBERNO.

A proposición presentada polo grupo municipal do BNG para o seu debate e acordo, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á creación dunha comisión de seguimento do Código de bo goberno local da FEMP ao que está adherido o Concello de Santiago.

O Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, nas súas recomendacións nº 60 e 86 aprobadas en 1999, pretende inspirar os comportamentos das autoridades locais en relación coa ética política.

Pola súa banda, o Código Europeo de Conduta para a integridade política de representantes locais electos, aprobado polo CPLRE, avoga pola promoción de códigos de conduta para representantes locais como instrumentos que permitirán crear confianza entre os/as políticos/as e os/as cidadáns/ás, indispensable para que aqueles que teñan que desempeñar as súas funcións poidan facelo de forma eficiente posto que o respecto polo mandato do electorado vai estreitamente unido ao respecto dunhas normas éticas.

Nesta dirección insiste, tamén, a Conferencia de Ministros europeos responsábeis das institucións, con ocasión da declaración sobre a participación democrática e a ética pública a nivel local e rexional. A súa declaración da sesión de Valencia, 15 e 16 de outubro de 2007, facendo referencia á Axenda de Budapest e a outras recomendacións do Consello de Ministros e do Consello de Europa, lembra a utilidade do Manual de Boas Prácticas sobre a Ética Pública no nivel dos Gobernos Locais.

En base ás súas recomendacións e respectando o marco normativo vixente considérase conveniente a redacción dunha serie de principios e o deseño de instrumentos de goberno, que contribúan a consolidar pautas de comportamento dos electos locais en aras a configurar unha ética pública común que evite a mala xestión, deterre posibles actuacións corruptas e, pola contra, sirva para xeneralizar as boas prácticas.

O papel dos electos locais na xestión dos concellos, esencial para o funcionamento do sistema democrático pola súa proximidade á cidadanía, debe ser exercido, en xeral, con sentido da responsabilidade, vontade de servizo á sociedade, transparencia, eficacia e dedicación plena ás súas funcións públicas.

No entanto, nalgúns casos, o sistema democrático soporta casos de mala xestión e corrupción, falta de transparencia na xestión e na relación coa cidadanía, afastamento dos cargos electos da realidade social, situacións de transfuguismo, connivencia cos intereses privados, ausencia de canles suficientes para o control da xestión pola oposición. Aínda sendo casos excepcionais, estes feitos degradan e prexudican a democracia e danan a

credibilidade de institucións e políticos. Fronte a estes fenómenos, a única resposta posíbel é a de comprometerse co bo funcionamento da democracia local e profundar nela a través dunha conduta honesta, transparente e aberta á participación.

O certo é que os Gobernos locais foron protagonistas dos cambios do noso tempo e determinantes das transformacións económicas e sociais para o progreso colectivo, o desenvolvemento sustentable e a igualdade de oportunidades no noso país. Os concellos contribuíron ao avance cara á igualdade e a xustiza social, a consolidación e o desenvolvemento da nosa democracia, imaxinaron novas formas de participación e o exercicio das liberdades e dereitos de cidadanía, impulsaron dereitos de nova xeración, contribuíron activamente á igualdade entre homes e mulleres, á loita contra a violencia de xénero, á igualdade efectiva de todos os cidadáns e cidadás, ao coidado e atención de persoas dependentes, á creación de emprego, á formación permanente dos traballadores e traballadoras, ao fortalecemento da cohesión social, á consolidación do Estado de Benestar e á solidariedade e cooperación ao desenvolvemento.

Fíxose realidade unha nova forma de gobernar, dende a proximidade aos cidadáns e cidadás, fortaleceuse a xestión pública, apostando por uns concellos modernos e eficaces, con servizos públicos de calidade. Por tanto, considérase o ámbito local como un espazo estratéxico da acción política e o futuro da democracia, así como para o desenvolvemento dos dereitos da cidadanía e unha oportunidade para facer realidade os dereitos sociais de nova xeración. Con esta bagaxe, promóvese o desenvolvemento deste Código do Bo Goberno Local. Así mesmo, este Código poderá servir para complementar a lexislación estatal, asegurando a efectiva realización daqueles desenvolvementos normativos que as leis estatais de aplicación no ámbito local remiten aos gobernos locais.

O Código conformarase tamén como un Estatuto para os Electos Locais, facéndose eco dunha das afirmacións do Código Europeo en canto a que non se poden impor obrigacións sen que se ofrezan garantías que permitan aos representantes electos cumprir os seus deberes e, nese sentido, asegurará a liberdade no exercicio do mandato e unha retribución adecuada ás responsabilidades asumidas.

En aplicación destas consideracións contribuírase á mellora dos modelos de xestión e asegurárase aos cidadáns e cidadás un bo goberno local como garantía de igualdade e solidariedade, adquirindo un compromiso coa ética pública e a calidade democrática no ámbito de xestión máis próximo ao cidadán. Trátase, en fin, de profundar na configuración democrática e participativa das corporacións locais.

O escenario idóneo para levar a cabo a aprobación dun acordo destas características constitúeo a Federación Española de Municipios e Provincias, en cuxo seo e contando co Consello Territorial concretouse, debateuse e finalmente acordouse un texto por parte de todos os partidos políticos representados na mesma.

Por iso, faise necesario un acordo que, en execución destes antecedentes, recolla como mínimo os seguintes **PRINCIPIOS DO CÓDIGO DO BO GOBERNO LOCAL**

- Os electos locais actuarán no desempeño das súas funcións, de acordo coa Constitución, cos respectivos Estatutos de Autonomía e co resto do ordenamento xurídico e axustarán a

súa actividade aos principios éticos e de conduta contidos no presente Código de Bo Goberno Local.

- Rexerán as súas actuacións a eficiencia, a modernización da Administración e o bo servizo á cidadanía, defendendo os intereses xerais con honestidade, obxectividade, imparcialidade, confidencialidade, austeridade e proximidade á cidadanía.

- Contribuirán á mellora dos modelos de xestión e asegurarlle á cidadanía un bo Goberno Local como garantía de igualdade e solidariedade, adquirindo un compromiso coa ética pública e a calidade da democracia no ámbito de xestión máis próximo á cidadanía.

- Os representantes locais fomentarán a transparencia e a democracia participativa.

- Traballarase a favor da inclusión social e o equilibrio territorial, entre o centro e os barrios, achegando os servizos á cidadanía e distribuíndoos no conxunto do municipio de forma equitativa.

- Respetarase a vontade da cidadanía e actuarase con lealdade política, comprometéndose a asumir o Código de conduta política en relación co transfuguismo nas Corporacións Locais.

- Respetaranse e faranse respectar os dereitos humanos, fomentaranse os valores cívicos e utilizarase un ton respectuoso e deferente nas nosas intervencións tanto cara a calquera membro da Corporación como cara á cidadanía, á que se facilitará o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigacións.

- Os representantes electos absteranse de exercer as súas funcións ou utilizar as prerrogativas do cargo para favorecer intereses privados, propios ou de terceiras persoas, prohibindo o favoritismo e o exercicio de autoridade en beneficio propio.

- Os electos locais non aceptarán agasallos que excedan os usos e costumes da simple cortesía por parte de entidades ou persoas.

- Incluírse entre os principais obxectivos das políticas locais a loita contra o cambio climático, a protección do medio ambiente e a ordenación racional e sustentábel do territorio.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Crear unha comisión de seguimento integrada por un membro de cada grupo municipal e destinada a velar polo cumprimento deste Código de Bo Goberno Local.”

Don Rubén Cela inicia o debate do presente asunto, indicando que hoxe o grupo municipal do BNG quixo traer a este pleno para a súa consideración a creación dunha comisión de seguimento integrada por un membro de cada ún dos grupos municipais con representación neste Concello, destinada a velar polo cumprimento do Código de Bo Goberno Local acordado no marco da Federación Española de Municipios e Provincias.

Se se presenta esta proposta é evidentemente na creencia de que aínda que existe unha asunción formal, non se está a cumprir debidamente no caso de Santiago de Compostela.

O Código Europeo de conducta para a integridade política de representantes locais eleitos avoga pola promoción de códigos de conducta para representantes locais como instrumentos que permitirán crear confianza entre os representantes políticos e os cidadáns, unha confianza indispensable para que aqueles que teñen que desempeñar as súas funcións o poidan facer de forma eficiente, posto que o respecto ao mandato do electorado vai estreitamente unido ao respecto dunhas normas éticas.

Nesta dirección insiste tamén a conferencia de Ministros Europeos responsables das institucións, con ocasión da declaración sobre a participación democrática e a ética pública a nivel local e rexional. A súa declaración na sesión de Valencia en outubro de 2007, facendo referencia á axenda de Budapest, e a outras recomendacións do Consello de Ministros e do Consello de Europa, lembra precisamente a utilidade do manual de boas prácticas sobre ética pública no nivel dos gobernos locais.

En base as súas recomendacións, e respectando o marco normativo vixente, considerouse conveniente a redacción dunha serie de principios, e o deseño de instrumentos de goberno que contribúan a consolidar pautas de comportamento dos eleitos locais en aras a configurar unha ética pública común que evite a mala xestión ou posibles actuacións corruptas, e pola contra serva para xeralizar as boas prácticas.

O papel dos electos locais na xestión dos concellos é esencial para o funcionamento do sistema democrático, e pola súa proximidade á cidadanía debe ser exercido con sentido da responsabilidade, con vontade de servizo á sociedade, con transparencia, con eficacia e dedicación plena ás súas funcións públicas. Por desgraza, non sempre é así, e lamentablemente Santiago se está a converter nun exemplo recorrente.

Nos últimos tempos temos coñecidos casos en diferentes puntos de mala xestión e corrupción, de falta de transparencia na xestión, e na relación coa cidadanía, de afastamento dos cargos electos da realidade social, de situacións de transfuguismo, de connivencia con intereses privados, ou de ausencia de canles suficientes para o control da xestión por parte da oposición.

O Bloque Nacionalista Galego está convencido de que esas son as excepcións, e que na maioría dos casos existen responsables públicos honrados, e que fan o seu traballo o mellor que poden, e o mellor que saben. Lamentablemente, aínda que excepcionais, degradan e prexudican a democracia e danan a credibilidade das institucións e dos representantes políticos.

Fronte a estes fenómenos a única resposta posible é a de comprometerse co bo funcionamento da democracia local e afondar nela a través dunha conduta honesta, transparente e aberta, e dende logo, participativa.

Afirma o Sr. Cela que éste é o único sentido que ten a proposición que o Bloque Nacionalista Galego trae hoxe ao pleno. Fálase deste código da Federación Española de Municipios e Provincias, pero tamén se podería falar de calquera documento análogo a nivel europeo, a nivel galego, ou a nivel local, e é máis, se o goberno municipal o desexa, a

comisión podería ser o xérmolo para un documento de boas prácticas propio e xenuino do Concello de Santiago.

En calquera caso, preséntase a proposta porque para o Bloque Nacionalista Galego a situación política que vive este concello non é sostibel no tempo, e no convencemento de que se esixe por parte da poboación un proceso profundo de rexeneración democrática, e ese proceso pasa por dous vectores que son fundamentais. O primeiro é a esixencia de responsabilidades políticas no plano individual e no plano colectivo no marco do grupo de goberno; o Sr. Cela non quere hoxe afondar máis nisto, pero o goberno municipal é plenamente consciente de cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego ao respecto da petición da posibilidade de convocar eleccións anticipadas en Santiago de Compostela ante a gravidade dos feitos. O segundo elemento fundamental é a esixencia de rexeneración democrática nas persoas que faga falta e nas formas de actuar, e mentres o grupo popular sexa goberno, o que ten que facer é gobernar, dende logo do mellor xeito posible e dun xeito correcto, e neste sentido vai a proposta presentada, no de desterrar determinado tipo de prácticas que nunca se deberon producir no marco deste concello.

Para o concelleiro, cómpre así desterrar aquelas practicas nas que quede claro que non se poden facer cousas que non se poden facer, e se suma xa agora á petición do Presidente da Xunta de Galiza, e do PP, señor Nuñez Feijoo, que reclamaba hoxe publicamente unha explicación contundente, unha explicación ampla e unha explicación concreta de que é o que pasou con respecto a ese caso de facturas supostamente falsificadas, ó que engade o concelleiro a solicitude dunha explicación veraz, porque xa o BNG onte pediu publicamente unha comisión de investigación para clarear os feitos. Se no marco desta sesión non se obtén esta explicación, ao seu grupo non lle quedará máis remedio que pedir a dimisión do Sr. de la Fuente. Sen embargo, non é este o único problema, pois para o Bloque Nacionalista Galego, as declaracións que tivo o concelleiro, Sr. Francisco Noya no día de onte, foron totalmente desafortunadas e intolerables en todos os aspectos. Non é de recibo que por parte dun representante do goberno municipal se evite cuestionar esa presunta falsidade, se fale dunha actuación para investigar a posible filtración, e sen embargo se evite entrar no fondo do asunto. E o que aínda é máis grave e preocupante é que un representante público deste Concello falara publicamente dun cuestionamento dun traballador público desta casa, que leva exercendo trinta anos de traballo nesta institución, facendo referencia a que participou nunha candidatura política no pasado. Nin o Señor Noya, nin ningún membro do goberno municipal teñen a potestade de prexulgar a profesionalidade de ningún traballador desta casa, nin por motivos relixiosos, nin por afiliación sindical, nin por afiliación política, e dende logo o que o concelleiro está a facer é vulnerar principios básicos constitucionais. Pide entón o concelleiro que tanto o Sr. Noya como o Sr. Alcalde retiren esas afirmacións, que para o BNG son gravísimas.

Outro tipo de prácticas neste mesmo sentido, que dende logo cómpre desterrar, é a criminalización sistemática dos traballadores desta casa. No caso da gardería de Salgueiriños, o problema ó parecer viña dos técnicos, igual que no caso da Virxe Branca, no que tamén o problema de que non pasara por Xunta de Goberno era problema de técnicos, e tamén o era no caso da aprobación dos orzamentos de 2013. Esta cuestión tampouco é unha boa práctica, como non o é que se modifique a lei de contratos, nin ningún outro marco legal ao noso antollo, e polo tanto non é de recibo que nun concello se faga apoloxía de facer as cousas mal, que exista un concelleiro do grupo de goberno que afirme publicamente que determinadas cuestións se poden facer infrinxindo claramente a literalidade e o espírito da

lei de contratos, e que se poden realizar determinado tipo de actuacións sen pasar por Xunta de Goberno, ao igual que se asuma con normalidade que se pode ter un servizo básico deste concello durante dez meses, camiño dun ano, sen ningún tipo de contrato, sen ningún tipo de publicidade, sen ningún tipo de concorrencia, e sen ningún tipo de recoñecemento do traballo realizado. Tampouco é unha boa práctica dificultar o traballo da oposición, e neste senso o concelleiro afirma que o BNG aínda non recibiu resposta a preguntas formuladas en tempo e forma, e lembra que cando o concello debateu en pleno o plan de axuste, os concelleiros da oposición recibiran a documentación dez minutos antes da súa celebración, sen posibilidade tan sequera de lela detidamente. Do mesmo xeito, pon enriba da mesa a dificultade para a participación veciñal ou outro tipo de cuestións, que en calquera caso levan todas xuntas, a que se eleve un clamor clarísimo entre a veciñanza de Santiago de que isto non pode seguir así, e de que a única posibilidade de rexeneración democrática pasa porque se asuman esas responsabilidades políticas e porque se empece a gobernar doutro xeito, con rigor, con transparencia e conforme ás leis.

Dona Amelia González Brandariz intervéñ seguídamente, e afirma que a proposta do BNG é o preámbulo enteiro do Código da Femp, cun texto aprobado dende o ano 2009. Antes de que ao BNG se lle ocorra propoñer a creación dunha comisión de seguimento para o seu cumprimento, tería que explicar por qué despois de catro anos da súa aprobación pola FEMP recorre a esta proposta sen que este concello tivera asumido o código no seu ordenamento, porque o anterior goberno municipal do PSOE e BNG nin se molestou en ratificalo. O texto indica claramente que os concellos, facendo uso da autonomía local, incorporarían ao seu ordenamento, a través dos seus regulamentos orgánicos e outras normas de funcionamento específicas, os principios e normas contidos no código, o que en Santiago non se levou a cabo, probablemente porque o texto tivera algún apartado ou algunha medida que non lles interesaba moito. Relata así a concelleira que hai unha delas que di, “o goberno local manterá xuntanzas periódicas coa oposición para dar conta das iniciativas e proxectos, así como para facilitar os acordos e a desexable gobernabilidade da administración local”, e ben é verdade que á entón oposición do partido popular lle tería gustado que o goberno bipartito os chamara para esa negociación, para esas xuntanzas que tendían a facilitar os acordos.

Lembra a concelleira que cando estaba na oposición nunca houbo o mínimo xesto por parte do entón goberno encamiñado a poder chegar a calquera acordo, incluso se lles recortaba das fotos nas que aparecían os concelleiros do Partido Popular.

Con estas premisas, o grupo popular non apoiará a proposición presentada polo BNG, pero non por capricho, senon pola necesidade de contar cunha normativa aínda moitísimo máis esixente, máis ambiciosa, que potencie unha auténtica cultura da transparencia da administración local, e que reforce a responsabilidade de todos os xestores públicos no exercicio das súas funcións e no manexo dos recursos que son de tódolos cidadáns. Isto precisamente é o que vai recoller a lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, cuxo texto como proxecto de lei foi aprobado polo Consello de Ministros o día 27 de xullo do pasado ano a proposta do Partido Popular. No seu primeiro artigo di que a norma ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, recoñece e garante o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establece as obrigas do bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias derivadas do seu incumprimento, o que para a concelleira non pode ser máis claro, Engade que tamén está en tramitación unha profunda revisión da Lei Reguladora de Bases de

Réxime Local, a través da que se vai coñecer como Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e así pois, ambos os dous textos legislativos van superar, ao seu ver, as esixencias do código aprobado pola FEMP no ano 2009.

Don Francisco Reyes, despois de dar a benvida no nome do grupo municipal do PSdeG-PSOE a Don Luís Meijide como novo membro electo desta corporación, di que parece que hoxe é a data idónea para tratar neste pleno esta proposición, para a creación dunha comisión de seguimento do código do bo goberno desta cidade. E o é porque hoxe o Concello volve a ser noticia nos medios de comunicación, polo “bo facer” e a “ética” na xestión dos membros deste goberno, en referencia á presunta falsificación de facturas por parte dun membro desta corporación para xustificar subvencións dunhas determinadas asociacións de veciños. Despois de todo o que está a acontecer neste concello nos últimos meses, ninguén cuestiona a necesidade imperiosa de constituír unha comisión de seguimento do código de bo goberno local, unha comisión que vele polos principios de transparencia e ética pública e cuxa finalidade sexa a mellora na xestión e na calidade desta administración local, e supón que este é o desexo de toda a corporación.

Lembra o concelleiro que o grupo municipal socialista, no pleno extraordinario do pasado 31 de xaneiro, xa lle propoñía ao alcalde que se elaborara un código ético do goberno municipal e que éste fose aprobado co tratamento de ordenanza, onde se contemplase un catálogo de sancións afectadas en cumprimento do mencionado código. Tamén se solicitaba daquela a elaboración dun código de boas prácticas da administración, e se pedía que nas compras do concello se introducisen criterios de compra ética, supervisada por unha comisión de participación cidadá, para evitar que ocorresen feitos como o que hoxe atopamos nos medios de comunicación. Sen embargo, o goberno municipal non tivo a ben tomar nota do que o grupo socialista, como oposición responsable, propoñía. O señor alcalde, en lugar de aceptar as súas propostas, dedicouse a facer oposición á oposición, e a falar do anterior goberno.

Sen embargo, o grupo socialista xa tiña advertido ao Sr. Currás de que isto podía pasar, por iso se precisaba e precisa da aprobación de todas e cada unha das propostas que o concelleiro mencionou con anterioridade, e pide por tanto que hoxe aquí o Sr. Alcalde se pronuncie expresamente sobre cada unha delas, asumindo a súa responsabilidade, e que se pronuncie igualmente respecto da constitución dunha comisión que vele polos principios que van dende o respecto ao ordenamento xurídico e o compromiso coa ética e a calidade democrática, ata a defensa dos intereses xerais, con honradez, imparcialidade, austeridade e cercanía ao cidadán.

Este Concello necesita tomar de novo como bandeira a transparencia e a democracia participativa, pois hai unha forma distinta de gobernar, e non se poden impor obrigas sen que se ofrezan garantías que permitan aos representantes locais cumprir cos seus deberes asegurando a liberdade no exercicio do mandato.

O Sr. Reyes está seguro de que a constitución desta comisión mellorará o modelo de xestión, garantindo a igualdade e a solidariedade, adquirindo un compromiso coa ética pública e a calidade democrática no ámbito da xestión máis próxima ao cidadán. Trátase de afondar na configuración democrática e participativa, de garantir que as actuacións municipais se guíen pola eficiencia, a modernización da administración, e o bo servizo á cidadanía, defendendo os intereses xerais con honestidade, obxectividade, imparcialidade,

confidencialidade, austeridade e cercanía. Trátase de que todos contribuíamos á mellora no modelo de xestión, e de que sexamos capaces de asegurar aos cidadáns un bo goberno local, como garantía de igualdade e solidariedade, adquirindo un compromiso coa ética pública, e a calidade da democracia no ámbito de xestión máis próxima á cidadanía. Trátase de actuar con lealdade política, comprometéndonos a asumir un código de conducta, fomentando os valores cívicos e utilizando un ton respectuoso e diferente en todas e cada unha das nosas intervencións.

Trátase de adoptar medidas de democracia participativa, e en definitiva de asegurar o cumprimento de todos e cada ún dos principios do código do bo goberno local.

Intervén novamente D. Rubén Cela, que di que Dona Amelia González non respondeu a ningunha das cuestións concretas que lle plantexou, nin clarexou se as declaracións do señor Noya son subscribas ou non por parte do conxunto do grupo de goberno.

Diante da pregunta que fixo a concelleira sobre como se pide unha comisión de seguimento agora, cando o código de boas prácticas ten data do ano 2009, cree o Sr. Cela que non fai falta explicar, por obvio, por qué agora un grupo político da oposición trae a debate a composición dunha comisión de seguimento dun código de boas prácticas.

A seguir, indica o Sr. Cela que o código de boas prácticas da FEMP é moi mellorable, e a razón de traelo hoxe foi porque era un acordo subscrito por unanimidade de todas as forzas políticas, e podía servir de punto de encontro. Polo tanto, o problema non estriba en se o código de boas prácticas é da FEMP, da FEGAMP ou da Unión Europea, ou se é propio do Concello, senon que a cuestión radica na existencia de vontade política de admitir que hai cousas que non se están facendo correctamente, que é importante clarificar no futuro, e que medidas tomar para evitar que se volvan a reproducir situacións non satisfactorias absolutamente para ningún, e dende logo, non para a imaxe e credibilidade deste Concello.

A concelleira de réxime interior facía referencia ao capítulo que ten este acordo de boas prácticas relativo á comunicación coa oposición, pero esa referencia debería ir dirixida ó Sr. Alcalde, que dende fai un ano só convocou unha xunta de portavoces, o que pon en evidencia que a comunicación coa oposición é mellorable, e seguro que é unha cousa que se podería abordar nesa comisión coa participación de todo o mundo, regulamentando incluso como deberían de ser esas xuntas de voceiros, e con que periodicidade, con que contidos, e con que funcionalidade se poderían convocar.

O Sr. Cela engade que a situación actual do Concello non é sostible no tempo, e a partir desta afirmación hai dúas vías nas que traballar, a primeira a asunción de responsabilidades dende unha perspectiva individual e colectiva, e a segunda a de intentar reconducir aquelas cousas que se están a facer mal, e o primeiro paso para iso é recoñecer que se fixeron mal, e malamente se van emendar cousas cando nin sequera se recoñece que esas cousas non se fixeron correctamente. Nos últimos meses, por desgraza, este Concello ten un compendio non precisamente pequeno de actuacións que non son correctas, e dende logo, se non houbo nada mal feito, se non hai ningunha actuación ilícita, nin comportamento incorrecto por parte dos membros do equipo de goberno, supón o Sr. Cela que non haberá ningún problema en dar unha explicación clara para tranquilidade de todos. Agora ben, se non dan esas explicacións, ó BNG, como oposición, e en exercicio dunha das súas funcións, de fiscalización da actuación do goberno, non lle quedará outro remedio que esixir as

responsabilidades pertinentes, porque estamos a falar de cousas que non son precisamente pouco graves.

Dona Amelia González opón que ese código de boas prácticas tamén puideron poñelo en práctica na Xunta bipartita cando se dou o famoso caso Carrumeiro, que debe ser moi coñecido polo Sr. Cela, ou cando estaba o BNG no goberno municipal, para mellorar o modelo de xestión, e para non deixar as facturas que deixaron nos caixóns, ou para o caso Montebalsa, ou para os de confidencialidade. Evidentemente todo o goberno está de acordo en que a ética, a responsabilidade e o bo goberno teñen que reinar nesta corporación, e o grupo popular está esperando a aprobación desa lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que vai obrigar xa dende o goberno central a esas boas practicas a todas as administracións, e non só haberá que cumprir o que di o código da FEMP, senón que haberá incluso consecuencias, derivadas do incumprimento da lei.

Don Francisco Reyes, diante da pregunta que formulaba Dona Amelia González das razóns que levan agora a pedir a constitución da comisión, e non no ano 2009, afirma que é evidente e obxectivo que o que está a pasar nos últimos dezaioito meses no goberno deste concello, non pasou en vinte e cinco anos antes. Nos índices de transparencia en contratacións de servizos temos pasado do número 1 no ano 2010 ao número 51 no 2012, entón parece que si que ten sentido neste momento plantexar o seguimento do código de bo goberno.

Os casos aos que se ten referido o Partido popular, e que levaron ao xulgado aos concelleiros do goberno de progreso, foron a consecuencia das denuncias do primeiro, e cando a consecuencia desas denuncias foron imputados sen medidas cautelares, o grupo municipal do Partido Popular correu a pedir a dimisión dos imputados, cousa que non fixo agora o partido socialista, o que amosa unha diferenza na responsabilidade. Cando menos ata o de agora, o grupo socialista non ten denunciado a ningún concelleiro do goberno, nin a ningún técnico que está a traballar neste concello, cousa que si fixo o goberno popular. Polo tanto, pensa o concelleiro que a situación duns e doutros é bastante diferente, e neste caso o grupo socialista tan amosado e segue amosando a súa responsabilidade.

En relación con esas facturas en pesetas das que fala o Sr. Alcalde, eses milleiros de facturas en pesetas, pregunta o concelleiro cando vai ter o goberno municipal a intención de facilitar unha copia, porque a pediron por escrito e por rexistro e aínda están esperando resposta.

Polo que respecta á intervención de Dona Amelia González, di o concelleiro que se para a rexeneración ética neste concello temos que esperar á aprobación da Lei, imos aviados. O máis complicado neste momento é a imaxe que se está a dar da cidade, e así o New York Times na súa publicación do 18 de xaneiro deste ano 2013, pon o nome da nosa cidade, Santiago de Compostela, ao carón do exemplo da corrupción. É un verdadeiro problema ter perdidos dous anos desta lexislatura, e o que mais interesa ao grupo socialista é non perder os dous anos que restan, polo tanto todo aquilo que poida axudar a mellorar a transparencia, a rexenerar éticamente este concello, e a mellorar a calidade da súa xestión, ten que ser sempre benvido por todos os membros deste pleno.

Remata o concelleiro avanzando que polas razóns expostas, o voto do seu grupo vai ser positivo á proposición presentada polo BNG.

Rematado o debate, a proposición obtén 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 12 en contra dos membros do grupo municipal popular, empate que se desfai en segunda votación co voto de calidade do Sr. Alcalde, de xeito que a proposición presentada polo grupo municipal do BNG relativa á creación dunha comisión de seguimento do código de bo goberno é rexeitada ó obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

12. DAR CONTA DE DIVERSAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta ao Pleno da Corporación das seguintes resolucións da alcaldía:

* Resolución de 4 de febreiro de 2013 pola que se engaden ás competencias delegadas na concelleira Dona María Castelao Torres, as que correspondían á concelleira cesante Dona Paula Prado del Río.

* Resolución de 15 de febreiro de 2013 pola que o Sr. Alcalde avoca para sí as competencias da concellería de mobilidade, seguridade cidadá, tráfico, servizo de grúa e ORA.

* Resolución de 18 de febreiro de 2013 pola que se nomea membro da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela ó concelleiro D. Francisco Javier Noya Iglesias.

* Resolución de 26 de febreiro de 2013, pola que se restructuran as delegacións da Alcaldía do seguinte xeito:

Delegación en Dona Reyes Leis Rodríguez das competencias da área de Economía.

Delegación en Dona Cecilia Sierra Rey das competencias da área de Facenda e Administración Pública.

Delegación en Dona María Amelia González Brandariz das competencias de Réxime Interior e Persoal.

Delegación en Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés das competencias da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

Delegación en Don Juan José de la Fuente Fuentes das competencias relativas á Brigada de Vías e Obras e xestión ordinaria dos servizos básicos.

Delegación en Don Luís García Bello das competencias da área de Seguridade e Mobilidade.

Delegación en Dona María Castelao Torres das competencias da área de Servizos Sociais.

Delegación en Dona Rebeca Domínguez Iglesias das competencias de Xuventude e Normalización Lingüística.

Delegación en Don Adrián Varela Sarandeses das competencias de Deportes.

Delegación en Don Francisco Javier Noya Iglesias das competencias da área de Participación Cidadá.

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas entre os días 2 de xaneiro e 13 de febreiro de 2013 (núms. 1 ao 862), e dos acordos da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela correspondentes ás seguintes sesións:

- * Sesión extraordinaria urxente do día 28 de decembro de 2012 (núm. 98).
- * Sesión ordinaria do día 3 de xaneiro de 2013 (núm. 1).
- * Sesión extraordinaria urxente do día 4 de xaneiro de 2013 (núm. 2).
- * Sesión ordinaria do día 10 de xaneiro de 2013 (núm. 3).
- * Sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2013 (núm. 4).
- * Sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2013 (núm. 5).
- * Sesión extraordinaria urxente do día 28 de xaneiro de 2013 (núm. 6).
- * Sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2013 (núm. 7).

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

ROGO.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de febreiro de 2013, núm. 44.

En relación á existencia dun vertedoiro incontrolado situado no Paseo do Sarela, solicitan que a maior brevidade, se proceda á limpeza da contorna do mesmo.

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 6 de febreiro de 2013, núm. 35 (para a súa resposta por escrito).

En relación ás obras da Virxe Branca, formulan as seguintes preguntas:

Cal é a relación valorada das obras executadas ata o día de hoxe na rúa Virxe Branca?
Quén é o responsable da dirección destas obras e por tanto qué técnico as supervisou?
Os traballadores que realizaron obras na rúa Virxe Branca, estaban amparados en seguridade e saúde?

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 7 de febreiro de 2013, núm. 36 (para a súa resposta por escrito).

En relación a recurso de reposición presentado o día 19 de xullo de 2012, por dona María Conde Bernández, contra desestimación de alegación contra a declaración de ruína do inmovible situado na rúa Travesa, 26-28, formulan a seguinte pregunta:

Por qué a concellaría de urbanismo aínda non lle notificou á interesada a resolución ao recurso de reposición que presentou fai máis de cinco meses?.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 21 de febreiro de 2013, núm. 45 (para a súa resposta por escrito).

En relación á celebración de concertos na zona C, sita na rúa San Domingos de Bonaval, formulan as seguintes preguntas:

1. Está permitido nalgún dos contratos ou convenios cos produtores ou asociacións que realizan eventos na zona C a venda de bebidas? E de bebidas alcohólicas?
2. Cal é o aforo máximo desta sala?, quen está a controlar e vixiar o aforo de cada evento?
3. Existe un plan de emerxencias e seguridade dese local?, se a resposta é positiva, reúne o local as condicións de seguridade necesarias para a realización dos eventos que se veñen desenvolvendo nel?

4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 25 de febreiro de 2013, núm. 53 (para a súa resposta por escrito).

En relación ao cumprimento de sentenza xudicial, formulan as seguintes preguntas:

Foi executada a sentenza xudicial relativa á entidade Layetana Desarrollos Inmobiliarios SL e Management Santiago, SL, referida á Finca do Espiño?

Se a resposta é positiva, en que data?

Hai resolución xudicial recaída sobre o escrito de execución?, se a hai, en qué sentido?

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

ROGOS.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 29 de xaneiro de 2013, núm. 30.

Solicítase que se adopten as medidas necesarias para arranxar os desperfectos na sinalización das vías do Concello:

- 1.- Repoñer en emprazamento e posición os indicadores caídos despois dos primeiros temporais deste inverno e os motivados por accidentes de circulación.
- 2.- Facer un inventario dos danos causados polo último temporal e tomar as medidas necesarias para arranxar o que for necesario no menor tempo posíbel.
- 3.- Adoptar melloras de seguridade viaria e peonil e unha rápida intervención para mellorar a mobilidade na zona onde conflúen as rúas Valiño, París e San Lázaro.

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de febreiro de 2013, núm. 42.

Solicítase:

Que o Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coas entidades representativas, poña en marcha un programa destinado á promoción do deporte saudábel para persoas con discapacidade nas instalacións municipais.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de febreiro de 2013, núm. 43.

Solicítase:

Que o Concello de Santiago de Compostela instale unha marquesiña á altura da rúa do Hórreo, 164 para que as persoas do autobús urbano poidan gorecerse das inclemencias meteorolóxicas.

Que o Concello de Santiago de Compostela tome medidas para acondicionar, urbanizar e sinalizar de xeito transitorio o terreo que hai baixo a ponte do tren, na Pontepedriña, próximo á rúa Camilo Otero, que é utilizado como aparcadoiro mentres o Ministerio de Fomento ou a Xunta non dean unha solución definitiva.

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de febreiro de 2013, núm. 52 (para a súa resposta oral).

En relación a denuncia presentada por un traballador do Concello o día 9 de outubro de 2012, formulan a seguinte pregunta:

Cales foron as fases seguidas no procedemento de investigación e resolución sobre os feitos denunciados?

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 1 de febreiro de 2013, núm. 32 (para a súa resposta por escrito).

En relación ao comezo das obras de reurbanización da rúa Virxe Branca, formulan a seguintes preguntas:

En qué Xunta de Goberno foron aprobadas estas obras?

A que empresa se lle adjudicaron?

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 6 de febreiro de 2013, núm. 34 (para a súa resposta por escrito).

En relación á controversia suscitada polas obras realizadas na rúa Virxe Branca, formulan as seguintes preguntas:

1. Que empresa realizaba eses traballos?

2. Baixo a encomenda de quen?
3. Acabaron xa esas obras? Por qué se pararon?
4. Quen certificou que remataran?
5. Con que permisos contaban?

4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de febreiro de 2013, núm. 41 (para a súa resposta por escrito).

Ante a problemática xurdida co traballador adscrito ao negociado de participación cidadá e as declaracións feitas pola concelleira de persoal, formulan as seguintes preguntas:

Que accións comprobatorias levou a cabo a concelleira de réxime interior ante as denuncias de insultos, ameazas e coaccións recibidas polo traballador Miguel Vilariño Lorenzo?

A que é debido o seu traslado ao CSC do Ensanche (Decreto 4922 do 21/09/12) e posteriormente á UMAD (Decreto do 14/02/13) case 5 meses despois?

Quen vai prestar ou quen presta os servizos no departamento de relacións veciñas que tiña encomendadas este traballador e por que non se ocupou a praza de xefatura de negociado que por sentenza xudicial tiña que prestar outro funcionario con praza no Concello?

Don Rafael Vilar expón que ún dos rogos formulados polo BNG ten que ver cunha demanda dos colectivos sociais do ámbito da discapacidade, que é coñecida por este goberno municipal, e polo concelleiro do ramo, e ten que ver coa posta en marcha dun programa específico de promoción do deporte saudable en instalacións municipais para persoas que sofren discapacidade.

Don Adrián Varela Sarandeses responde que o seu grupo está de acordo con parte do que se expón no rogo, pois á parte do que contén a lei de igualdade de oportunidades, tamén a constitución no seu artigo 43.3 establece que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, física e o deporte. E por outra, o artigo 148 determina as materias cuxas competencias poden ser asumidas polas Comunidades Autónomas, entre as cales está o deporte.

A seguir, fai un resumo o concelleiro de todas as iniciativas promovidas dende a área de deportes, comezando polo Programa municipal de natación e deporte adaptado, e indica que o medio acuático é un entorno adecuado e moi recorrente para a recuperación de diferentes patoloxías e para o tratamento de discapacidades. En dito programa participan a asociación de dano cerebral Sarela, o psiquiátrico de Conxo, Aspás, Aspanaes, e dentro de Aspanaes atópanse por un lado, todo o grupo de centro de día, e por outro lado, os máis pequenos, os nenos que están dentro do centro de educación especial Duques de Lugo.

O ano pasado celebráronse os primeiros interautonómicos de atletismo de Santiago, nos que participaron máis de douscentos atletas chegados dende diferentes puntos de España, atendéndose con preferencia no seu departamento todas as solicitudes puntuais que chegan dende estes colectivos. O colectivo ASPAS, por poñer un exemplo concreto, dispón semanalmente de varias horas, tanto no pavillón de Vite I, como en Lorenzo Latorre, e nos próximos xogos do Eixo Atlántico que se celebrarán na cidade portuguesa de Guimaraes o Concello levará unha selección de atletas discapacitados.

Tamén o departamento de deportes colabora en galas puntuais de Fademga, Aspanaes, e en actividades puntuais como a que este ano organizou dona Reyes na pista de xeo. Adianta o concelleiro que este ano, na segunda edición de “CORRESAN” celebrárase algunha proba específica dirixida a colectivos con algún tipo de discapacidade, e aproveita a ocasión para invitar aos señores concelleiros/as a participar de forma activa neste circuío, posto que a representación do cargo público non só se debe de facer sentando nun palco, ou subindo a un coche da organización en diferentes eventos.

Pasa agora á defensa do segundo dos rogos presentados polo BNG a concelleira Dona Elvira Cienfuegos. O rogo propónse en apoio ás demandas da zona centro, da zona do Ensanche de Santiago, en relación coa necesidade de colocar unha marquesiña na rúa do Hórreo, para que as persoas que usan o autobús urbano poidan guarecerse das inclemencias meteorolóxicas. Trátase dunha parada moi próxima ao centro de saúde, razón pola cal é reiteradamente demandada, tendo en conta que nela ademais conflúen varias das liñas máis concorridas da cidade.

Por outra banda, roga a concelleira que o Concello de Santiago acondicione dun xeito transitorio o terreo que hai baixo a ponte do tren, que está sendo moi utilizado por xente diversa, e que cada vez ten unhas condicións máis precarias, que fan que os coches que quedan alí despois non poidan saír.

Don Luís García Bello, en relación coa colocación dunha marquesiña na rúa do Hórreo, fronte ao número 164, informa que se solicitaron datos sobre a utilización da devandita parada, pois é evidente que antes de atender unha demanda se deben avaliar as actuais necesidades, xa que o seu departamento debe atender á globalidade dos cidadáns, e nestes intreos debemos priorizar e optimizar os recursos.

Tras a análise efectuada polos técnicos observouse que en dita parada o promedio de usuarios é de 1,4 viaxeiros por expedición, concretamente na liña 6 é de 0,59, na liña 12 é 0,15, na liña C-6 é de 0,56 e na liña P3 é de 0,09 usuarios. Obsérvase que se trata principalmente dunha parada de baixada de usuarios, para a cal non se utiliza o refuxio, dado que fronte ao ambulatorio Concepción Arenal os usuarios contan cunha parada de transporte urbano con marquesiña. En todo caso, a mesma atópase preto de varios importantes centros tanto xeradores como receptores de viaxeiros, polo que o concelleiro toma nota do rogo para trasladalo ao departamento correspondente para o seu estudo.

No que respecta ás medidas destinadas a mellorar a mobilidade sobre a urbanización, de xeito transitorio, do terreo que hai baixo a ponte do tren na zona de Ponte Pedriña, indica o concelleiro que a zona ten un determinado uso urbanístico que impide tomar unha decisión sen avaliar este aspecto. Se en doce anos non se adoptou ningún acordo, pide o concelleiro alomenos un tempo para estudar este caso. De todos modos, o BNG fala no rogo da mellora de mobilidade, pero o concelleiro non logra entender a conexión do arranxo dunha zona para favorecer un estacionamento cunha mellora da mobilidade, e indica que o seu goberno está traballando para favorecer o estacionamento cunha mellora da mobilidade, para que o transporte público, tanto urbano como metropolitano, sexa realmente unha alternativa para os desprazamentos, nunha clara aposta por unha mobilidade racional e sostible, e para iso se levaron a cabo importantes melloras na rede de transporte urbano, que abranguen todos os actores do mesmo, información, relacións de mobilidade e interacción cos usuarios, etc.

Con respecto ao transporte metropolitano, e conscente do peso que ten o noso concello como cabeceira da área metropolitana, indica o concelleiro que se favoreceu a permeabilidade cos nosos viaxeiros para unha penetración deste tipo de servizos na nosa cidade, e esas ao seu entender deben ser as principais apostas pola mellora da mobilidade.

A continuación intervén Dona María Gómez Bugallo na defensa do rogo relativo ás marxes do río Sarela, indicando que ante a existencia dun vertedeiro incontrolado situado no mesmo paseo do Sarela, xusto detrás do pavillón de Santa Isabel, rógase que á maior brevidade posible se proceda á limpeza da contorna do paseo do Sarela, na actualidade bastante abandonada, con varios vertedeiros incontrolados e con árbores caídos e maleza no camiño que a fan dificilmente transitable.

Responde Dona María Pardo Valdés que xa se dou orde ao departamento de medio ambiente para que repase as marxes do río Sarela, que aínda que é competencia de Augas de Galicia, vaise facer polo beneficio que supón para todos os cidadáns ter este paseo limpo. Xa é coñecido polos xornais que a zona vai ser obxecto dunha intervención máis ampla na primavera, no marco do programa urbana norte, actuando non sómentes nas propias marxes do Sarela, senón tamén en elementos arqueolóxicos completamente abandonados, como é a ponte dos tres ollos, ou o dique que existe no mesmo, completando o paseo ata a ponte do Romáño, e aproveitando ademais para limpar as marxes dos vertidos e das especies invasoras, poñendo en valor o camiño de Bergantiños.

Engade a concelleira que o obxectivo futuro, tal e como figuraba no programa electoral do partido popular, é que o percorrido urbano do paseo fluvial do Sarela se amplíe ata as parroquias do rural, aproveitando para que haxa máis quilómetros practicables para pasear.

Don Rubén Cela a seguir refírese a unha pregunta formulada polo BNG para a súa resposta oral, que di xa formulou sen éxito en dúas ocasións. Relata que o día 9 de outubro de 2012, un traballador deste concello presentou no rexistro municipal unha denuncia de trato vexatorio ou inadecuado contra un membro da Corporación Municipal, existindo unha normativa de carácter xeral e un protocolo de actuación deste concello para casos como éste. O que quere saber o Bloque Nacionalista Galego é cales foron as actuacións levadas a cabo neste sentido.

Dona Amelia González indica que xa respondeu por escrito a esta cuestión con toda clase de detalles, resposta na que se indicaba que ao carecer de elementos probatorios dos feitos denunciados, e para poder aclarar, comprobar e corroboralos, solicitáronse informes á xefatura do traballador, no departamento de participación cidadá, e tamén ao propio concelleiro, Don Juan de la Fuente. Polo momento, do que se dispón é da palabra do traballador, e da palabra do concelleiro, posto que os presuntos feitos teñen que ver cunha conversa telefónica.

Fala o BNG de trato vexatorio, pero non sabe a concelleira se tal trato é estar acollido a un horario que segundo o acordo regulador nin sequera lle corresponde, por solicitude do funcionario diante dun problema persoal, e grazas á vontade do concelleiro do seu servizo, máis o da concelleira no uso da palabra.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de febreiro de 2013, núm. 49.

Relativa á apertura do centro integral de recuperación da muller, solicítase:

Que o Concello de Santiago de Compostela inste á Xunta de Galiza a inmediata apertura do Centro de Recuperación Integral de Mulleres para atender as vítimas da violencia de xénero que o precisen.

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de febreiro de 2013, núm. 50.

Relativa á supresión do uso de balas de goma, solicítase:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á prohibición do uso de balas de goma, tal e como acontece noutros países europeos e, particularmente, a que elimine o uso de balas de goma por parte das forzas e corpos de seguridade nas mobilizacións cidadás que se produzan en Santiago de Compostela.

2. Adherir o Concello de Santiago á campaña “Stop balas de goma”.

3. Trasladar o acordo á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado e ao colectivo promotor da iniciativa “Stop Balas de Goma”.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de febreiro de 2013, núm. 51.

Relativa a mellorar a calidade de subministro eléctrico no rural compostelán, solicítase:

Que o Concello de Santiago de Compostela lle demande á Consellería de Industria e a Gas Natural Fenosa que adopten as medidas necesarias para proporcionar un servizo de abastecemento eléctrico de calidade no noso concello.

MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Relativa á presunta falsificación de facturas xustificativas da realización de actividades por parte das asociacións de veciños de Verdía e Vidán, solicítase:

Que se proceda á apertura dunha investigación interna relativa á presunta falsificación de facturas xustificativas da realización de actividades por parte das asociacións de veciños de

Santa María de Verdía e da asociación Mestra Victoria Míguez de Vidán para a concesión das subvencións de 2012.

Manifesta o Sr. alcalde que se retira unha moción formulada polo BNG relativa ás taxas xudiciais, e con respecto á moción de urxencia do grupo socialista adianta o seu apoio.

Deste xeito, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade estimar a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo grupo socialista relativa á presunta falsificación de facturas.

Procédese a seguir á defensa da urxencia na toma en consideración das mocions presentadas polo BNG, relativas á apertura do centro integral de recuperación da muller, suprimir o uso das balas de goma, e á mellora da calidade do subministro eléctrico no medio rural.

Toma o uso da palabra Dona Elvira Cienfuegos, que se refire en primeiro lugar ao centro de recuperación integral para mulleres vítimas de violencia, indicando que o día 8 de marzo se celebra o día internacional da muller, un día de conmemoración da súa loita pola igualdade de dereitos e oportunidades, e duro é recoñecer que pese aos avances legais, seguen a precisarse avances cara á igualdade real no ámbito laboral, económico, social ou doméstico, e estase a ver como o medre do paro, e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres, afectando gravemente á súa vulnerabilidade ante a violencia machista.

As institucións deben activar todos os recursos posibles para o cumprimento coa obriga de garantir ás mulleres ao dereito a vivir sen violencia nestes momentos difíciles. Os concellos, como a administración máis próxima, teñen que implicarse máis, se cabe, en manter e mellorar as actuacións, e tamén reclamar doutras administracións medidas preventivas e tamén medidas de axuda ás mulleres que a sofren, que lles permitan escapar desa violencia e recuperar a normalidade da súa vida e dos seus fillos e fillas. Esta funcionalidade é a que se espera do centro de recuperación integral das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Este centro é un equipamento acondicionado pola Xunta nun espazo cedido polo concello para atender dende unha perspectiva multidisciplinar ás mulleres residentes en Galiza que sofren violencia de xénero, e aos seus fillos e fillas mediante un sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter psicolóxico, social, laboral, e económico. As obras de acondicionamento remataron en agosto de 2012, en setembro licitouse o mobiliario, e simultaneamente anunciouse a inmediata apertura, sen embargo a día de hoxe segue sen funcionar, e o BNG entende que o 8 de marzo é unha data oportuna para que o Concello demande da Xunta a apertura das instalacións para beneficio das mulleres do Concello e de toda Galiza.

A seguinte moción que defende a Sra. Cienfuegos é relativa á mellora da calidade do subministro eléctrico no rural compostelán.

Explica a concelleira que o grupo municipal do BNG recibiu diversas queixas sobre a calidade do subministro eléctrico no rural de Santiago, situación que se agrava cada vez que hai temporal de vento e chuvia. Os cortes de subministro eléctrico e os fallos no abastecemento dificultan o normal desenvolvemento das actividades, tanto nas vivendas afectadas como nas explotacións agrogandeiras. Quedarse sen subministro eléctrico implica

problemas no arrefriamento, e ocasiona en xeral perdas económicas para as familias que viven no rural, pese ás melloras dos últimos anos. Pese aos plans MEGA, e PERGA, en Galicia seguemos a ter necesidades, e en Santiago de Compostela aínda segue sendo necesario impulsar accións de desenvolvemento de redes de media e baixa tensión, así como centros de transformación e de automatización, co obxectivo de garantir a calidade do subministro eléctrico no conxunto do municipio, e nomeadamente en boa parte dos núcleos de Santa Cristina de Fecha, Belén, Gallofe, etc. Polo tanto, o que se somete á consideración do Pleno da Corporación é que se poida pedir á Consellería de Industria, e mesmo a Gas natural-Fenosa, que se adopten as medidas para proporcionar este servizo eléctrico de calidade.

A defensa da última das mocións do BNG corresponde a D. Rubén Cela, que explica que a petición que formula hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego a leva formulado de xeito reiterado o propio Parlamento Europeo, sobre todo a partir de que no ano 82 en Irlanda do Norte faleceran quince persoas, sete delas menores de quince anos, por uso dese material antidisturbio.

As pelotas de goma son unhas pelotas que non chegan nin a pesar 100 gramos, pero que alcanzan velocidades de máis de 700 quilómetro por hora, e o problema é cando impactan nalgún organismo vital. Dende os anos 90, no Estado español perderon algún dos dous ollos máis de vinte e cinco persoas con ese tipo de material antidisturbios, sen contar xente que tivo problemas de audición ou noutro tipo de partes do corpo. Polo tanto, o seu grupo estima que é un material absolutamente desfasado, do que case todos os corpos de seguridade dos estados europeos teñen prescindido dende fai moito tempo, e que se debe erradicar. Por tanto, gustaríalle ó seu grupo que Santiago de Compostela fora un concello libre dese tipo de material, e que polo tanto, o Concello instara ao goberno da Xunta de Galicia a que fixera as xestións pertinentes para evitar que ese tipo de material se siga a empregar.

Engade o concelleiro que non deixa de ser curioso que nun contexto de contínuos recortes en todos os servizos públicos, na sanidade, na educación, ou nas prestacións sociais, un dos poucos apartados nos últimos orzamentos xerais do Estado do Partido Popular que non reduciron, senón que medraron, foron precisamente as partidas dedicadas a material antidisturbios. Na capital de Galiza o ano pasado houbo entre 450 e 500 mobilizacións, o que quere dicir que se celebra máis dunha manifestación, concentración ou similar ao día, e moitas delas, por desgraza, acaban con cargas e con actuacións moitas veces desproporcionadas por parte das forzas e corpos de seguridade, o que implica que teña máis sentido a solicitude que hoxe se fa, incluso que noutros ámbitos do noso país.

Rematado o debate, a declaración de urxencia na toma en consideración das mocións presentadas polo grupo municipal do BNG nesta sesión obtén 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 12 en contra dos membros do grupo municipal popular, empate que se desfai en segunda votación co voto de calidade do sr. Alcalde, de xeito que a urxencia na toma en consideración das mocións é rexeitada ó obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

A seguir, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade incluír na orde do día da sesión por urxencia o seguinte asunto:

16. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POR MOR DA CELEBRACIÓN DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a seguinte declaración con motivo da celebración o vindeiro día 8 de marzo, do día internacional da muller:

“De acordo co III Plan de igualdade do Concello de Santiago e co recentemente aprobado VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes, Estratexia 2013-2015 da Xunta de Galicia, o Concello quere sumarse ao compromiso do goberno galego de actualizar e crear os instrumentos necesarios para consolidar os cambios culturais e sociais alcanzados e, sobre todo, para continuar a preservar un contexto favorable a novos logros na igualdade entre mulleres e homes.

Este é o espírito da conmemoración do 8 de marzo, Día internacional da muller. Polo que, un ano máis, reivindicamos o labor realizado por millóns de mulleres, que contribuíron co seu traballo e esforzo á loita pola igualdade e a defensa dos dereitos das mulleres.

Grazas a este esforzo colectivo das mulleres, do pasado e do presente, conseguíronse grandes avances pero, con todo, queda un longo camiño que percorrer. Aínda que nos dotamos de instrumentos lexislativos fundamentais, a actual situación de crise económica, que afecta tanto aos homes como ás mulleres, pero de forma especial aos segmentos máis desfavorecidos da poboación, faise necesario unir esforzos para conseguir superar este momento e poder avanzar en cohesión e xustiza social.

A igualdade efectiva é responsabilidade de todas as administracións, polo que asumimos o compromiso de continuar coa implementación das políticas de promoción da igualdade en todas as áreas: educación, prevención da violencia de xénero, emprego, conciliación ..., coa implicación transversal de todas as concellarías, porque somos conscientes de que a igualdade efectiva só se pode conseguir co esforzo de todos e de todas.”

O Sr. Alcalde pecha a sesión ao fío das dezanove horas e corenta e cinco minutos. Dou fe.